

Revisión da estrutura apositiva. A súa presenza nas *Cantigas de Santa María**

Elvira Villar Marcos**

Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

O presente traballo é, ou pretende ser, un pormenorizado estudio sobre a aposición, a través da análise dun corpus extraído das *Cantigas de Santa María*, co obxectivo de aportar algunha luz dentro do debate do que foi e segue a ser obxecto. Centrémonos na denominada “aposición bimembre” ou “explicativa”, a única que consideramos como aposición, no marco da frase nominal. A construción apositiva, termo máis apropiado que o usual “aposición”, posúe, ó noso ver, unha serie de trazos desde as perspectivas formal, referencial, informativa, semántica e sintáctica que a definen en conxunto como unha estrutura particular.

Palabras clave: Aposición / construción / sintaxe / diacronía / histórica.

Abstract

This article is, or aims to be, a detailed piece of research on apposition, through the analysis of a corpus taken from the *Cantigas de Santa María*, with the objective of throwing some light upon this subject. We focus on the so called «bimember» or «explanatory» apposition, the only one that we term as apposition in the context of the nominal phrase. Appositive construction, a more appropriate term than the usual «apposition», possesses, in our view, a series of features from formal perspectives, referential, informative, semantic, and syntactic which define it overall as a particular structure.

Key words: apposition / construction / syntax / diachrony / historical.

* Data de aceptación: outubro de 1996

** Este traballo realizouse no marco do proxecto “Gramática Histórica da Lingua Galega”, desenvolvido no Instituto da Lingua Galega e financiado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

INTRODUCCIÓN

Nas páxinas que veñen a continuación pretendemos participar no debate de que é obxecto a aposición, a través do estudio dun corpus medieval: As *Cantigas de Santa Maria*.

Centrarémonos nas aposicións no contexto da frase nominal, onde se observa o maior número delas, entendendo por frase nominal tanto a constituída por DETERMINANTE + NOMINAL como a que carece do DETERMINANTE. Para maior claridade, destacamos en tódolos exemplos as aposicións ou fragmentos dos que tratamos cando aparecen inseridos nun contexto, incluíndo algúns extraídos da bibliografía -independentemente de que así o indicaran ou non os autores consultados.

Ó enfrontarnos ó tema que nos ocupa observamos, en primeiro lugar, que non existe unanimidade entre os estudiosos á hora de ofrecer unha definición do que é a chamada habitualmente *aposición*. Por outra parte, trala análise das definicións chegamos tamén a deduci-lo punto ou puntos de vista baixo os cales se aborda o seu estudio e a importancia dada a cada un deles. Vexamos, a modo de exemplo, qué entenden por *aposición* cinco significativos lingüistas:

A.- “APOSICIÓN (l.apositio, -onis, de apponere, poner cerca).

f. LENG. Construcción que consiste en aclarar o determinar un sustantivo por medio de otro sustantivo yuxtapuesto./ Se llama explicativa cuando no añade nada a la idea que ya tenemos formada del sustantivo a que se aplica o se limita a hacer resaltar un aspecto característico: *el león, rey de los animales; París, capital de Francia*. Se llama especificativa cuando sirve para distinguir al sustantivo entre otros: *el rey mendigo*, para distinguirlo de otros reyes que no lo eran” (Alonso, 1958, p. 431).

B.- “el término aposición se emplea para designar la actuación de un sustantivo o adjetivo sustantivado que entra en relación con otro sustantivo sin acudir a transpositores prepositivos” (Alcina - Blecua, 1975, p. 948).

C.- “L’ apposition est un élément nominal placé dans la dépendance d’ un autre élément nominal (...) et qui a avec celui-ci la relation qu’ a un attribut avec son sujet, mais sans copule” (Grevisse, 1964, pp. 552-553).

D.- “Ciñéndonos a los sustantivos, recordaremos que por aposición -término cuyos límites son un tanto confusos- se entiende la explicación o precisión, mediante un sustantivo, del contenido de otro sustantivo.” (Carniar, 1975, p. 37).

E.- “En sentido estricto, la aposición es, pues, un empleo separado del nombre y se opone al adjetivo apuesto que aparece en *el niño, azotado, se prometió no volver a las andadas*.” (Dubois et alii, 1979, p. 54).

Estas citas son exemplificativas, ademais da falta de acordo á hora de considera-la aposición, da confusión existente ante tal palabra. Destaquemos certas contradiccións que observamos nalgunhas delas:

A.- Di Alonso que a aposición está constituída por dous substantivos xustapostos -separados, polo tanto, por unha coma na lingua escrita e por unha pausa na oral- e, sen embargo, máis adiante fala da aposición “especificativa”.

E.- Despois de afirmar que só o nome -enténdase *substantivo*- pode ir en aposición, menciona o adxectivo aposto que, por certo, no exemplo non é un adxectivo senón un participio.

Por outra parte, o termo *aposición* emprégase tanto para designar unha construción na que hai un membro aposto a outro (definición *A*) como para designar unicamente o membro aposto (evidente en *C* e *E*).

En todas estas definicións sublíñase que os elementos que conforman a aposición son do ámbito nominal, o cal é aceptado maioritariamente polo resto dos autores consultados. No caso de que se admita que o adxectivo tamén pode formar parte da aposición, é frecuente considerar que se substantiva (definición *B*), co cal estanse confundindo as nocións de categoría e función.

Observemos, así mesmo, que da definición *C* se deduce xa que existe unha relación sintáctica entre o elemento aposto e o elemento ó que este se apón: a de subordinación. Como veremos máis adiante, as opinións neste punto tamén son diversas. Na definición *B* fálase, sen embargo, de relación entre o elemento aposto e aquel ó que se apón sen precisar exactamente a que tipo de relación se refire.

Tampouco os criterios formais para recoñece-la aposición son mencionados en todas estas definicións e, aínda cando aparecen, os autores que os apuntan ou se contradín ou non son explícitos. Como xa vimos, na definición *A* dise que os dous substantivos van xustapostos, aínda que ofrece un exemplo onde non hai xustaposición. A xustaposición parece desprenderse da definición *E*, porque fala de “empleo separado del nombre”, e en *B* dise que entre os dous elementos non hai unha preposición, pero non especifica se hai ou non na lingua escrita coma entre eles.

A maioría dos autores coinciden en que unha das características da aposición é a identidade referencial dos membros ou correferencia. Posto que o criterio referencial é determinante para moitos, non transcribimos nesta introducción aquelas definicións ou fragmentos de definicións onde apareza explícito.

O punto de vista informativo foi considerado, así mesmo, en dúas destas definicións (*A* e *D*).

Posto que non existe unanimidade á hora de defini-la aposición, encontrámonos cunha ampla gama de exemplos que se abarcaron baixo tal denominación. Deste xeito, á hora de aborda-lo estudio da aposición parece que se debe levar a cabo un dobre cometido: defini-la aposición segundo os criterios que cada un crea pertinentes e rexeitar xustificativamente todo o que non entre nesa definición pero que se ten considerado, con maior ou menor frecuencia, como aposición. Agora ben, dentro da gran variedade de exemplos de aposicións que encontramos hai unha *zona común* que en xeral é admitida por todos. Trátase de casos de dous membros (substantivos comúns) precedidos de artigo definido -ou ben un deles

substantivo propio-, correferentes fóra do contexto apositivo e nos que o membro aposto vai inmediatamente despois do outro e separado deste por unha coma.

É evidente, polo tanto, que a aposición é obxecto en lingüística dun interesante debate no que a bibliografía máis recente é a máis crítica -en boa parte é lóxico, xa que ten máis material sobre o que traballar- e a máis exhaustiva na súa metodoloxía. Nos artigos ou obras máis actuais consultados -e non só neles- restrínxese xa considerablemente a definición de aposición ó excluí-los exemplos considerados dentro da chamada por Alonso (1958, p. 431) aposición “especificativa”.

1. TIPOLOXÍA DA CONSTRUCCIÓN APOSITIVA

Algúns autores opinan que hai dous tipos de construcións apositivas, mentres outros son partidarios de considerar unha única clase. Vexamos primeiramente as terminoloxías e os criterios fundamentais de clasificación empregados polos defensores dos dous grupos de construcións apositivas:

A.- Criterio formal: “liée” / “détachée” (Tamine, 1984); unimembre / bimembre (Martínez, 1985); inmediata / mediata (Hadlich, 1973); integrada / destacada (Rioul, 1983).

B.- Criterio formal e semántico: unimembre restrictiva / bimembre non restrictiva (Paula, 1983); adxunta / predicativa (Alcina - Blecua, 1975).

C.- Criterio semántico: especificativa / explicativa (Alonso, 1958); determinativa / explicativa (Marcos Marín, 1972); atributiva / predicativa (Bogacki, 1973).

Baixo as denominacións da dereita de cada par de termos encóntranse exemplos que teñen en común estar constituídos por dous membros, separados por unha marca gráfica (habitualmente unha coma), fronte ós incluídos baixo as da esquerda, nos que esta marca está ausente.

Os termos da esquerda aplícanse, á súa vez, a dous tipos diferentes de exemplos -chamémolos *x de x* (dúas frases nominais unidas pola preposición *de*) e *xx* (dúas frases nominais, unha a continuación da outra)-, aínda que non tódolos autores consideran como aposición o tipo no que existe preposición unindo os dous elementos -entre estes Tamine (1984).

Vexamos algúns exemplos extraídos do noso corpus da que Paula (1983, p. 157) denomina “aposición en conexión directa” -o tipo *xx*-:

- A) Assi como sse vingou /.../ Do traedor Simon Magos (t. I, c. 238, p. 733-734, liñas 53-55).
- B) Que Santa María fez... / por Johan Boca-d’ Ouro (t. I, c. 138, p. 493, liñas 14-15).
- C) Que perdemos per Eva a mesela (t. I, c. 180, p. 586, liña 39).
- D) Serrou nossa madr’ Eva (t. II, c. 411, p. 387, liña 152).

- E) Era fidalg' escudeyro (t. II, c. 408, p. 375, liña 15).
- F) Que cabo do Mar Terrço / éste e cabo do Grande (t. II, c. 364, p. 288, liñas 7-8).
- G) Metera seu fill' el Rei / ùu anel d' ouro (t. II, c. 292, p. 112, liñas 66-67).

Os seguintes son exemplos da que a mesma autora denomina “aposición en conexión indirecta” (Paula, 1983, p. 116), referíndose ó tipo *x de x*:

- A) E esta festa é no mes de março (t. II, c. 415, p. 392, liña 2).
- B) Tod' essa noit' e o dia / de sabado romaria / ven y (t. II, c. 405, p. 369, liñas 41-43).
- C) Como ena vila d' Elvas ùa moller quiso (t. II, c. 399, p. 353, liñas 1-2).
- D) E foy en Estremadura, /.../ na çibdade de Segonça (t. II, c. 383, p. 331, liñas 9-11).
- E) E ir-se ao reyno d' Aragon (t. II, c. 382, p. 329, liña 34).
- F) En terra de Tanjar me sño (t. II, c. 325, p. 194, liña 57).
- G) Quand' aqeste feyto soube o poboo dos Romãos (t. II, c. 309, p. 153, liña 65).

A identidade referencial ou correferencia dos dous elementos de *x de x* foi determinante para defender estes exemplos como aposicións, xa que se considerou habitualmente a correferencia como unha característica fundamental da estrutura apositiva -véxase o apdo. 2.-. Deste xeito, distinguíanse secuencias *x de x* nas que os dous elementos eran correferentes (aposicións) doutras *x de x* nas que non o eran e que, polo tanto, quedaban incluídas entre as secuencias de núcleo + modificador. Unha proba habitualmente empregada para demostrala correferencia dos dous elementos foi a de transforma-la presunta construción apositiva nunha cláusula atributiva co verbo *ser*: Se a secuencia *x de x* respondía á transformación, os dous elementos eran correferentes e, polo tanto, era considerada como aposición.

Fronte ó que ocorre coas construcións apositivas con pausa, reinou o desacordo e a confusión á hora de decidir cal era o elemento aposto nas secuencias *x de x*. Para intentar solucionar este problema empregáronse diferentes probas, aínda que da maioría dos resultados tamén se desprenderon variadas interpretacións. Mencionemos as tres probas máis relevantes:

A.- A transformación da secuencia nunha cláusula atributiva co verbo *ser* serviu basicamente para acrecenta-la discusión, porque non todos coincidiron en que o elemento que resultase o SUXEITO tería que se-lo aposto na secuencia de partida.

B.- Desde o punto de vista semántico, intentouse ve-lo elemento que tiña maior extensión, porque ese debería se-lo aposto para unha importante parte dos estudiosos.

C.- Concordancia co verbo da cláusula principal. Nesta terceira proba houbo unanimidade: o elemento que non concordase era o aposto.

En canto á preposición que une os dous elementos da chamada *aposición en conexión indirecta*, tense dito que é unha preposición vacía, un elemento sen contido ou un simple elemento de unión. Incluso Grevisse (1964, p. 609) a considera un “mot explétif”, calificándoo de elemento “inútil”. A R.A.E. (1986), entre outros, destaca a tendencia cada vez máis frecuente a suprimila.

O motivo central que levou a defende-lo tipo *xx* como aposición foi de novo a correferencia dos dous elementos. As transformacións noutras secuencias foron tamén frecuentes para demostra-la existencia da correferencia. En relación a cal dos membros era o aposto, non houbo tampouco acordo.

Por outra parte, temos aqueles autores que consideran un só tipo de construción apositiva: a denominada habitualmente *bimembre* ou *explicativa*. Entre estes podemos destacar a Wilmet -nos dous traballos de 1986-, a Taboada (1978) ou a Lago Garabatos (1991 e 1993), estando o noso posicionamento tamén nesta liña. Vexamos cinco exemplos extraídos do noso corpus:

- A) Mas non quis a Virgen. das outras mellor. /.../ Que... (t. I, c. 96, p. 376, liñas 54-56).
- B) Desto direi un miragre... / dña mui bõa crischãa / moller que morava y... (t. I, c. 246, p. 755, liñas 6-8).
- C) Quis ygualdade / con sa Madre. a benaventurada:... (t. II, c. 414, p. 391, liña 27).
- D) Por nos, Virgen Madre, / roga Deus. teu Padre / e Fill' e amigo (t. I, c. 250, p. 763, liñas 1-3).
- E) Estes son meus e de meu Fillo. Deus Jhesu-Cristo:... (t. I, c. 85, p. 348, liña 63).

Segundo estes últimos estudiosos, a chamada *aposición especificativa* non debe incluírse no terreo da construción apositiva, senón no dos modificadores.

Un dos motivos que se alegan para a exclusión da chamada *especificativa* é a evidente relación sintáctica de subordinación existente entre os dous elementos, cando con respecto ós membros da chamada *explicativa* este é un problema aínda non resolto -véxase o apdo. 11.-. Deste xeito, utilízase a proba da conmutación dun elemento da secuencia por un adxectivo -no caso de *xx*- ou un complemento preposicional non correferente co outro elemento -no caso de *x de x*- e tamén a comparación con outras secuencias coa mesma estrutura pero non consideradas como aposicións, para demostrar que esas supostas aposicións non se comportan de modo distinto a estoutros segmentos lingüísticos. Así pois, desde esta óptica, na cal nos situamos, non se pode dicir que as secuencias *x de x* se aproximen só formalmente ós modificadores con preposición, como opinan os defensores da súa inclusión na aposición, senón que se comportan como tales modificadores que son -como ocorre tamén coas secuencias *xx*.

Entón, o criterio básico polo que se incluíron na aposición (a correferencia dos membros) non é válido, xa que non se trata de dous membros como na construción apositiva, senón dun só. Ademais, como opinan Lago Garabatos (1991), Fuentes Rodríguez (1989) ou Galichet (1957), a correferencia é incompatible coa modificación restrictiva que encontramos nas estruturas *xx* e *x de x*.

Outros trazos sepáranos igualmente da construción apositiva: a ausencia de pausa, a imposibilidade de inserir outra estrutura das súas características no seu interior ou a ausencia de predicación.

No que respecta ós criterios transformacionais utilizados polos defensores das citadas secuencias como aposicións, parécennos unha forma de evadirse daquel fragmento lingüístico que analizan, acudindo para iso a estruturas diferentes.

Ó longo do traballo centrarémonos na chamada *aposición bimembre*, a única considerada por nós como construción apositiva. Digamos xa, a modo de avance, que a construción apositiva posúe, segundo nós, unha serie de trazos que a definen en conxunto como unha estrutura peculiar:

1.- A construción apositiva é precisamente iso: unha construción. Isto significa que os seus membros funcionan conxuntamente.

2.- A construción apositiva está constituída por dous membros.

3.- Os membros están separados por unha pausa oral, que na escritura está representada habitualmente pola coma, non tendo que aparece-lo segundo inmediatamente tralo primeiro. Ó final do segundo membro existe, así mesmo, outra pausa.

4.- Calquera categoría pode constituírse en núcleo de calquera dos dous membros ou en membro sempre que teña, en principio, capacidade de referencia.

5.- Os dous membros remiten sempre a unha mesma referencia extralingüística (correferencia) dentro da construción apositiva.

6.- O membro aposto -o segundo- ofrece, a modo de explicación, unha información adicional sobre aquel membro con respecto ó que se apón -o primeiro.

7.- Entre os membros da construción apositiva pode haber diferentes tipos de relación semántica.

8.- Desde o punto de vista sintáctico, a relación que se establece entre os membros da construción apositiva non pode adscribirse a ningún dos tres posibles tipos de relación sintáctica entre partes (coordinación ou constelación, subordinación ou determinación e interordinación ou interdependencia), pero tampouco se pode dicir que haxa ausencia de relación sintáctica.

A continuación iremos analizando de maneira máis exhaustiva e desde perspectivas diferentes a construción apositiva e as súas peculiaridades nas *Cantigas de Santa Maria*.

2. RELACIÓN REFERENCIAL ENTRE OS MEMBROS DA CONSTRUCCIÓN APOSITIVA

A correferencia é un dos puntos inexcusables á hora de falar da construción apositiva, pois tódolos estudiosos do tema mencionana explícita ou implicitamente na súa definición de aposición, ben como unha das características definitorias da mesma, ou ben como unha característica non presente en tódalas construcións apositivas.

¿Que debe entenderse por *referencia* e por *correferencia*? Temos un bo estudio destes conceptos feito por Milner (1978 e 1982). Segundo el (Milner, 1982, p. 10), cada secuencia nominal ten unha referencia, que é o segmento da realidade que lle é asociado. Posteriormente, establece unha distinción entre referencia actual / virtual e correferencia actual / virtual. A referencia actual é definida como “le segment de réalité associé à une séquence” (Milner, 1982, p. 10) e a referencia virtual como “l’ensemble de conditions caractérisant une unité lexicale” (Milner, 1982, p. 10). En consecuencia, a correferencia actual será “une relation symétrique entre deux éléments ayant une référence actuelle, ayant donc en l’occurrence le statut de groupe nominal” (Milner, 1982, p. 11), e a correferencia virtual “la relation qui existerait entre deux unités lexicales différentes ayant en tout point les mêmes propriétés lexicales; elle équivaut donc à la synonymie lexicale absolue” (Milner, 1982, p. 12). Tendo en conta as reflexións de Milner, é evidente que cando falamos de correferencia entre os membros da construción apositiva estámonos referindo ó que este autor denomina correferencia actual.

A maioría dos estudiosos -incluímos nela a nosa modesta opinión- considera que a correferencia é unha característica fundamental da construción apositiva, aínda que ningún, evidentemente, a erixe como exclusiva da mesma. Vexamos un claro exemplo de correferencia fóra da construción estudiada por nós:

- Attrape le LIÈVRE et cet ANIMAL apprendra à me connaître (Wilmet, *La détermination nominale...*, 1986, p. 164).

Agora ben, a correferencia entre os membros da construción apositiva establécea a propia construción, pois, segundo di Martínez (1985, p. 455), “la ‘co-referencia’ característica de la aposición es un contenido expresado en una construción peculiar, y no algo derivado de la simple reunión de unos determinados lexemas”. Así, temos exemplos de construcións apositivas nas que se tomámo-los membros por separado, fóra desa construción, observamos que a realidade extralingüística á que se refire cada un deles é diferente da do outro e, sen embargo, incluídos na construción apositiva remiten a un mesmo referente. Isto é ben evidente no caso das construcións metafóricas, como a que vén a continuación:

- Mais que da Flor. / sa Madre. disse peor (t. 1, c. 72, p. 313, liñas 42-44).

Practicamente en tódolos exemplos do noso corpus dáse, cando é posible, a concordancia en xénero e número entre os membros da construción apositiva. En bastantes ocasións temos como núcleo dun dos membros un substantivo acabado en *-or* (*Sennor* -fundamentalmente-, *fazedor* ou *acorredor*). Estes substantivos, aplicados todos á Virxe, son invariables en xénero na Idade Media, ó contrario do que ocorre hoxe, polo cal debemos considerar que concordan en xénero co substantivo feminino singular do outro membro cando aparecen eles sós sen ningún determinante ou modificador que leve a marca de xénero.

Tódolos autores consultados indican que a concordancia en xénero e número non é obrigada entre os núcleos dos membros da construción apositiva, aínda que isto sexa o máis habitual. Aínda así, Aymard (1975, p. 138) recalca que a concordancia en número é obrigada e que “cette dépendance résulte du lien sémantique étroit qu’ établit la relation d’ apposition entre A et B”, sendo *A* o primeiro membro e *B* o segundo. Non compartímo-la súa opinión, xa que precisamente polo feito de establecerse a correferencia na propia construción apositiva é posible tamén a discordancia en xénero e/ou en número.

Non recollemos ningún exemplo con concordancia en xénero e non en número, aparecendo, aínda que en contadas ocasións, o caso contrario:

- A) Que dun jaspis mui riq’ era, / pedra nobre connoçuda... (t. II, c. 376, p. 314, liña 23).
- B) O jogar sse foi sa vía, / dando mui grandes loores / aa Virgen grroriosa. / acorro dos peccadores:... (t. I, c. 194, p. 624, liñas 50-51).

En canto á discordancia en xénero e número, achamos un só exemplo:

- Chegaron ali navios de mouros, conpanna / que ben d’ Africa vëeran por correr Espanna... (t. I, c. 95, p. 373, liñas 36-37).

Observemos, por certo, que é o núcleo do primeiro membro (*mouros*) o que establece as concordancias co predicado da cláusula de relativo (*v~eeran*) que modifica ó segundo núcleo (*conpanna*).

3. A CONSTRUCCIÓN APOSITIVA DESDE O PUNTO DE VISTA INFORMATIVO

Como ben apuntou Meyer (1987), desde o punto de vista informativo a construción apositiva caracterízase por ofrecer no membro apostado nova información acerca da persoa, cousa, asunto, etc. de que falamos no outro membro. Esa nova información preséntase a modo de explicación e os motivos polos que se ofrece poden ser moi variados: desde a intención puramente informativa ó desexo de conseguir un favor de alguén -véxase o apdo. 8. Incluso nada nos impide utilizar unha construción apositiva para algo ben diferente. Así, o típico exemplo de *Santiago, (a) capital de Galicia*, nun determinado contexto -por exemplo,

dirixíndonos a un vigués que considere que a superioridade en número dos habitantes dun núcleo de poboación é motivo suficiente para declarar capital a esta-, podería servir para crear ou acentua-la envexa ou a inimidade.

A expresión “mise en place” (Dessaintes, 1971, p. 323), ou, noutras terminoloxías, “phénomènes d’ autocorrection” (Rioul, 1983, p. 26), emprégase para facer referencia a aquelas situacións lingüísticas nas que despois de enunciar unha expresión e ver que non é a apropiada búscanse outros termos ata dar co que nos parece o máis adecuado. Neste caso o emisor enuncia unha nova secuencia lingüística, porque non está conforme coa anteriormente mencionada, co cal rexeita, evidentemente, o fragmento precedente. Non ofrece, polo tanto, unha información adicional sobre algo xa dito sen renunciar a aquilo mencionado anteriormente, como ocorre na construción apositiva. Por isto, cremos que non é fundada a clasificación que fai Dessaintes de exemplos como os seguintes dentro da “mise en place”, pois neles non parece que se rexeite o primeiro fragmento co segundo, posuíndo, ademais, o resto de trazos propios da construción apositiva:

- A) Ces pouvoirs de la vie, ces pouvoirs organisateurs sur lesquels nous nous évertuons avec... les comprendrons... (Dessaintes, 1971, p. 324).
- B) Nous demeurions, elle et moi, dans... (Dessaintes, 1971, p. 324).

Precisamente o feito de que no segundo membro da construción apositiva se ofrezca máis información acerca do primeiro permite tamén non confundi-la construción apositiva coa redundancia, definida por Grevisse (1964, p. 602) como “le fait que la même fonction est exercée par deux termes apportant la même information dans la même phrase”. Sen embargo, tamén inclúe na redundancia algúns exemplos nos que se introduce nova información e que, polo tanto, deben ser considerados como construcións apositivas:

- A) L’ ami et le compagnon..., cet abbé... (Grevisse, 1964, p. 602).
- B) Je suis venue ici pour entendre la vérité, cette vérité que nous n’ avons jamais... (Grevisse, 1964, p. 602).

4. O SIGNO DEMARCATIVO

Desde o punto de vista formal a construción apositiva caracterízase por presentar na escritura un signo demarcativo entre os seus membros e outro tralo segundo, para indica-la fin da construción. A marca gráfica entre os membros é habitualmente a coma.

Forsgren (1988) menciona outros signos gráficos posibles (as parénteses, por exemplo) e ás veces hai vacilacións en considerar ou non construcións apositivas exemplos coma o seguinte, no que os membros van separados por dous puntos:

- Souviens-toi de nos vacances: cette mer, ce sable, ce ciel,...! (Wilmet, 1986a, p. 164).

O autor que nolo ofrece, Wilmet, inclúeo na anáfora, sen embargo, e non na aposición.

Mentres a coma, as parénteses ou os guións non impiden o funcionamento en conxunto dos membros que separan, opinamos que non se pode dici-lo mesmo dos dous puntos, xa que os fragmentos entre os que se sitúan son sintacticamente independentes un do outro, polo cal nunca poderían conformar unha construción. Como ocorría coas chamadas aposicións *especificativas*, se incluímos estes casos de dous puntos dentro da construción apositiva estaríamos tendo soamente en conta unha característica da mesma: a correferencia dos membros.

¿Debemos considerar que a marca gráfica entre os membros da construción apositiva -sempre a coma no noso corpus- resulta un criterio eficaz para recoñece-la construción que nos ocupa?

No apartado 1., se recordamos, figura un exemplo sen esta marca entre os membros (o B):

- Desto direi un miragre,... / dña mui bõa crischãa / moller que morava y... (t. I, c. 246, p. 755, liñas 6-8).

Algún outro, reunindo tamén tódalas outras características da construción apositiva, carece de tal marca gráfica:

- Mas, Virgen Reña santa sperital. / guarda-me... (t. II, c. 298, p. 126, liña 46).

Sen embargo, se pronunciámo-la secuencia, notaremos que é preciso facer unha pausa nalgún lugar da mesma, que coincidiría coa marca gráfica -se estivese presente-, e outra ó final, coincidindo coa segunda coma. Ó non estar representada a pausa oral na escritura tivemos dificultades para saber onde iría, porque cabían varios lugares. O criterio para sabela delimitación entre os membros foi contrastar exemplos coma o anterior con outros -se é que os había- de construción apositiva con coma, nos que nun mesmo membro aparecera algunha combinación das palabras que tiñamos na secuencia de partida. No exemplo que acabamos de dar consideramos que a pausa fá tras *Virgen*, tendo en conta que o membro apostado *Reña santa sperital*, ou incluso sen *santa*, é frecuente nesta obra, non aparecendo nunca as dúas últimas palabras (*santa sperital*) como membro apostado en ningunha das construcións apositivas estudadas por nós.

Noutro exemplo como *viron seu fillo vñir* / Pedro, o mēor; (t. II, c. 359, p. 279, liñas 41-42), e posto que falta a marca gráfica entre *seu fillo* e *Pedro*, dubidamos se considerar, por unha parte, *que seu fillo... Pedro* é o primeiro membro, non habendo pausa entre as dúas secuencias se o verbo non estivese entre elas, ou, pola outra, que un dos membros está constituído por outra construción apositiva. Isto último sería no caso de que a pausa oral despois do verbo se mantivese tralo traslado deste a outro lugar -véxase o apdo. 6.

Por outra parte, encontrámonos con exemplos de aparentes construcións apositivas -con coma e membros correferentes- que non resultan tales tras unha análise máis profunda. No corpus hai un caso que responde ó que acabamos de mencionar e no que a marca gráfica non é a correcta:

- Un cambiador que cambiava / *d' aver* mui gran quantidade. / *esterliis e to[r]neses. / burgaleses. / pepiões. /.../ E ynda d' aquestes novos / e dos pretos e da guerra...* (t. II, c. 305, p. 142, liña 32).

En vez de coma deberían aparecer dous puntos, dado que se trata dunha enumeración (desde *esterli(is* ata *guerra*) que non funciona conxuntamente con *d' aver*.

Noutros casos, pola contra, a coma si é correcta:

- A) *Est' é / o meu amado fillo. / fillo meu.* a la fe (t. II, c. 251, p. 12, liñas 100-101).
- B) Non foi quen podesse *arma nen escudo / tēer, niún deles...* (t. I, c. 19, p. 159, liña 25).
- C) Eno nome de Maria / *cinque letras. no-mais.* y á (t. I, c. 70, p. 159, refrán).
- D) Poren *de cera* omagen. *non d' al.* / fez... (t. I, c. 116, p. 438, liñas 12-13).

O feito de que o segundo membro ofrezca un suplemento de información é unha das razóns para que non admitamos entre as construcións apositivas exemplos coma os anteriores. Nestes casos debemos falar máis ben de énfase, pero observemos que no exemplo *A* cabe a posibilidade de considerar que con *fillo meu* queremos indicar que é fillo propio e non adoptivo. Aínda así, nin este exemplo -no que sería posible ofrecer un suplemento de información- nin os tres seguintes poderían ser considerados como construcións apositivas, posto que os dous fragmentos separados pola coma non funcionan conxuntamente -polo que non poden conformar unha construción-, constituíndo o segundo unha explicación externa á cláusula que contén o primeiro.

Tampouco poden ser considerados construcións apositivas exemplos nos que o suposto primeiro membro resulta ser un segmento lingüístico que se destaca en cabeza de cláusula sen marca de función sintáctica, desempeñando a función informativa de FOCO, e que vai separado por unha coma dun segundo que envía tamén ó seu referente extralingüístico. Vexamos cos seguintes exemplos como o segundo fragmento, sen embargo, non funciona conxuntamente co primeiro, pois non vai seguido pola segunda pausa característica da construción apositiva e que marca a fin da mesma:

- A) *Os que a Virgen mais aman. / a esses* ela ajuda (t. I, c. 181, p. 588, refrán).
- B) *Reis e emperadores. / todos* comūalmente / deven... (t. II, c. 499, p. 378, liñas 36-37).

Observemos, ademais, que o FOCO é retomado por un pronome (*esses e todos*, respectivamente) que ten a función de recolle-la información anterior e non de ampliála - neste último caso está o segundo membro da construción apositiva.

A modo de conclusión, podemos dicir que o signo demarcativo entre os membros da construción apositiva (a coma, por excelencia) non é unha característica definitiva para recoñece-las construcións que nos ocupan, aínda cando está presente na maioría delas, pois temos construcións apositivas sen esa marca gráfica e exemplos de aparentes aposicións se nos baseamos na coma. Por outra parte, a coma non é exclusiva da nosa construción e destas aparentes construcións apositivas, pois figura separando, por exemplo, membros coordinados. Si é certo, sen embargo, que na construción apositiva ten un cometido específico: marca-lo inicio e o remate dun segmento lingüístico no que se ofrece máis información acerca doutro mencionado anteriormente. O que é importante, pois, é que na construción apositiva sempre hai unha pausa entre os membros e outra ó final do membro aposto, que se manifestan en tódolos exemplos, mediante unha quebra na entoación, sendo o máis habitual tamén a súa representación na escrita a través dunha marca gráfica (con frecuencia a coma). Para identifica-la construción apositiva é preciso, ademais, ter en conta un conxunto de características e non só unha delas illadamente -ou varias.

Finalmente, teñamos presente que a obra da que extraémo-las construcións apositivas foi puntuada polo seu editor, feito que reforza a atención primordial ás pausas orais e non ós signos escritos, en concreto nas construcións apositivas da lingua medieval.

5. A POSICIÓN DOS MEMBROS

Falando de “*aposition*”, Bureau (1978, p. 127) fai o seguinte comentario acerca da etimoloxía desta palabra:

“Ce terme, en effet, réfère à la disposition linéaire de l’ énoncé: *aposition*, du latin *apponere*, signifie étymologiquement ‘le fait de placer à côté’ et par extension, ‘ce qui est placé à côté de’, de sorte que -si les termes veulent dire quelque chose- on peut parler d’ *aposition* pour n’ importe quel élément d’ une phrase, puisque par définition les unités lingüistiques se suivent, sont placées les unes à côté des autres.”

Isto significa que non debemos considerar exclusivamente a etimoloxía da palabra para defini-la construción apositiva, porque, deste xeito, e como ben di Bureau, todo elemento lingüístico que se sitúe ó lado doutro é membro dunha construción apositiva. Con “*ce qui est placé à côté de*” -referido á aposición no sentido de membro aposto e non de construción apositiva- parece que hai que entender que o membro aposto vai tralo outro, como segundo membro, porque para pór un elemento ó lado doutro na sucesión da cadea lingüística é necesario ter ese outro previamente -poñemos para diante e non para atrás-. Por outra parte, se nos atemos soamente á etimoloxía, habería que dicir tamén que o membro aposto se sitúa sempre ó lado do outro e, como vimos nalgún exemplo -nos apartados 2., 3. e 4.- e como veremos máis adiante, isto non é exactamente así.

A opinión máis xeneralizada é que o membro aposto vai en segunda posición, aínda que hai estudiosos que non descartan que poida aparecer como primeiro membro, fundamentalmente cando presenta ausencia de DETERMINANTE, en exemplos do tipo *xefe da tropa, o home comezou a dar ordes ós seus súbditos* (exemplo propio). Desta opinión son Bogacki (1973), Hadlich (1973) ou Tamine (1976 e 1984), entre outros. Fálase tamén con frecuencia de que o membro aposto sen DETERMINANTE e en primeira posición conleva valores circunstanciais.

Na nosa opinión, ese pretendido primeiro membro aposto, do que non encontramos exemplos no corpus, non é tal, porque se comporta da mesma maneira que o faría a CAUSA nunha oración causal -no noso exemplo é conmutable por *posto que era xefe da tropa-* e, ademais, os dous membros non funcionan conxuntamente, como o demostra a ausencia de pausa gráfica e oral tralo segundo, polo que non se trata dunha construción apositiva. A propósito disto, teñamos en conta, así mesmo, que “la extraposición de Touratier puede aplicarse a la ‘aposición explicativa’, cuando va antepuesta, porque tampoco es constituyente de la frase nominal sino de la oración;” (Taboada, 1978, p. 335), co cal xa non pode ser tal “aposición explicativa”.

Observemos tamén, para maior reforzo da nosa opinión, que incluso algún autor que considera que o membro aposto pode ir en primeiro lugar reconece que tende a ligarse ó predicado, acercándose a unha “proposition adverbiale” (Grevisse, 1964, p. 554).

Cremos que outra razón determinante para descarta-lo membro aposto en primeiro lugar non é, como opinan algúns autores -entre os que podemos considerar a Gobbe (1978)-, o feito de que o membro aposto sexa o subordinado e a subordinación implique a orde subordinante / subordinado -véxase *subordinación* no apdo. 11.-, senón que se trata do motivo polo cal se utiliza a construción apositiva: ofrecer nova información no membro aposto acerca do outro membro. Loxicamente, non podemos dar máis datos sobre algo ou alguén que aínda non mencionamos.

Despois de defender que o membro aposto sempre debe se-lo segundo, debemos preguntarnos se ten que ir ó lado do primeiro.

Na maioría dos exemplos o máis habitual é que o membro aposto siga, sen mediación de fragmento ningún, ó primeiro. As construcións apositivas do noso corpus non son unha excepción ó dito. Velaí dous exemplos:

- A) *Esto fez Santa María. / Madre do que formou suso / os ceos maravillosos / e ar pos a terra juso...*» (t. I, c. 352, p. 260, liñas 55-56).
- B) *Como non fiquemos fóra / do reino de Deus. seu Fillo...* (t. II, c. 322, p. 186, liñas 7-8).

Certos estudiosos afirman que tamén pode ir separado do primeiro membro polo verbo da cláusula principal -segundo Forsgren (1988)- ou tamén polo verbo e outro argumento máis da cláusula -para Tamine (1976)-. No corpus, efectivamente, temos tamén esta segunda

posibilidade e non é precisamente desprezable o número de exemplos. Neles non só nos encontramos no medio dos membros co verbo da cláusula principal ou co verbo + outro argumento da cláusula, senón que aparece ademais unha función sintáctica diferente do PREDICADO (no sentido de verbo) ou a combinación de dúas ou tres funcións sintácticas diferentes:

V: Que alma d' Ebron levamos, / un alguazil, sen baralla (t. II, c. 254, p. 20, liña 26).

V + CC: Log' a Monte Syon / foron, u a Virgen morava entón, / Santa Maria... (t. I, c. 27, p. 181, liñas 35-37).

CD + V: O do mui bon talan / me leixou, o meu Fillo... (t. II, c. 419, p. 399, liñas 51-52).

CC + V: San German dentr' era y, / un santo Patriarcha... (t. I, c. 28, p. 184, liñas 34-35).

SUX: Este miragre tan grande / que fez pola de bon talán / Deus, sa Madre groriosa (t. I, c. 113, p. 420, liñas 32-33).

CD: Quand' est' oyu o meiryo, / deu aa Virgen loor, / Santa Maria... (t. I, c. 13, p. 140, liñas 30-31).

CC: E logo se fezo levar en un leito / ant' a sa ygreja, pequen' e estreito (t. I, c. 77, p. 327, liñas 22-23).

CI: Fez ll' ollos come perdiz / pequenos a aquel donzel /, mui fremosos... (t. I, c. 146, p. 515, liñas 112-114).

SUX + V + SP: De tal razon un miragre / a virgen Santa Maria / fez por un mercader, grande... (t. I, c. 172, p. 567, liñas 5-6).

CI + CD + V: A Emperatriz, / ta moller, mi o roga, a bõa fiüz... (t. I, c. 131, p. 417, refrán).

Incluso temos algúns exemplos nos que pode figurar así mesmo un elemento externo á cláusula principal -normalmente o refrán, un inciso do narrador ou unha relativa explicativa-, só -case sempre- ou xunto cunha función sintáctica da cláusula na que funciona a construción apositiva:

REFRÁN: Por que dõostavas / ora o que te formou, / O que viltar... / O que te fez de niente / e pois á t' a desfazer, / e eno día do joyzo / estarás a sseu poder, / cativ'? (t. I, c. 238, p. 733, liñas 38-42).

INCISO: Foron assuados / en Castro Rodolfo, per com' eu oý retraer, / un mōesteiro d' ordiados / monges qu' el Conde mandou desfazer / porque os ouv' el sospeytados / que a franceses o querian dar (t. I, c. 38, p. 211, liñas 19-24).

CLÁUS. REL: Braadou / por Santa Maria, que a sacou / del, a Reynna nobre spirital (t. I, c. 58, p. 267, liñas 51-53).

INCISO + CC: Ao lavrador nacera / muleta, com' aprix eu, / en ssa casa, fremosya... (t. I, c. 178, p. 581, liñas 11-12).

En certos exemplos de segundo membro que segue de maneira mediata ó outro temos dúbidas acerca de se o primeiro membro podería ser tamén un segmento que o precede de forma inmediata. Vexamos un que aparece máis arriba:

- De tal razon un miragre / a virgen Santa Maria / fez por un mercader, grande... (t. I, c. 172, p. 567, liñas 5-6).

Neste caso *grande* parece que se refire a *miragre*, tendo en conta a aparición da secuencia *miragre grande* noutras ocasións e tamén o feito de que se remitise a *mercader* aparecería máis ben outro adxectivo (por exemplo, *importante* ou ben, se o interpretamos noutro sentido, *alto* ou *corpulento*).

Por outra parte, rexistramos algún outro no que o segundo membro non aparece graficamente de forma conxunta senón que algún elemento -con frecuencia o refrán- se intercala nel:

- Servir a Santa Maria, / a que nunca falirá / O que pola Virgen leixa... / Nen fal aos que a serven (t. I, c. 124, p. 452, liñas 38-40).

Como curiosidade, encontrámonos no corpus con dous exemplos nos cales o membro apostro (*de Deus Madre*, en *A*, e *chus negros que Satanas*, en *B*) aparece intercalado no primeiro:

A) Virgen de Deus Madre santa preciosa, /.../ Sobr' esta mia filla mostra ta vertude (t. II, c. 319, p. 179, liñas 47-49).

B) E tres mouros que entraran, / chus negros que Satanas, / no castelo, os de dentro / os fezeron en caer (t. I, c. 185, p. 599, liñas 82-83).

O motivo de que nas *Cantigas de Santa Maria* aparezan estas intromisións de segmentos lingüísticos entre os membros da construción apositiva ou no membro apostro e a intercalación do segundo membro no primeiro, e con relativa frecuencia, débese a esixencias da poesía, fundamentalmente á necesidade de busca-la rima, que provoca cambios

na orde habitual dos elementos. A *intromisión* de fragmentos é para nós perfectamente admisible na construción apositiva, dado que os membros que a conforman seguen a ter un funcionamento unitario. Nestes casos o que temos é simplemente unha función, a desempeñada pola construción apositiva, que é descontinua.

Algúns autores -Paula (1983), entre eles- mencionan tamén a aparición dunha marca de aposición (ou elemento de unión) entre os membros dalgúñas construcións apositivas, tipo *ou sexa, é dicir*, etc. No noso corpus non temos ningún exemplo, pero realmente só parece posible no caso de que se dea entre os dous membros a relación semántica de identidade -véxase o apdo. 10.- e o seu cometido é puramente redundante (insistir na correferencialidade dos membros), polo cal é posible a súa supresión sen afectarlle para nada á construción apositiva.

6. CONSTRUCCIÓNS APOSITIVAS INSERIDAS NOUTRAS E NÚMERO DE MEMBROS APOSTOS

No noso corpus soamente achamos exemplos de inserción nun primeiro nivel -unha construción apositiva desempeñando unha función sintáctica dentro dun membro doutra construción apositiva- e non en niveis posteriores -unha construción apositiva funcionando dentro dun membro doutra que, á súa vez, tamén desempeña unha función sintáctica no interior dun membro dunha terceira, etc.-. As construcións apositivas inseridas aparecen no segundo membro da que as acolle, desempeñando as funcións sintácticas de SUXEITO e de MODIFICADOR -fundamentalmente esta última-, e a construción que as abarca as de SUXEITO ou CD -incluso pode ser un vocativo-. Practicamente tódalas inseridas teñen como referente extralingüístico a Deus, ben interpretado como Trindade ou como Xesús Cristo, e a construción apositiva superior sempre á Virxe:

- A) Que fezo Santa Maria, / aquela de que naceu / Jheso-Cristo, Deus e ome, / que por nos salvar moreu;... (t. I, c. 244, p. 748, liñas 6-7).
- B) Que fezo Santa Maria, / Madre daquel que predeu / paixon e ena cruz morte / por nos, e que nos tolleu / das maos do eemigo / o diab' enganador (t. II, c. 356, p. 272, liñas 7-9).
- C) Todo-los Santos que son no ceo / de servir muito an gran sabor / Santa Maria a Virgen, Madre / de Jeso-Cristo, Nostro Sennor (t. I, c. 15, p. 143, refrán).
- D) Beeita es, Maria, / Filla, Madr' e criada / de Deus, teu Padr' e Fillo,... (t. II, c. 420, p. 404, liñas 3-4).

Agora ben: ¿Como considerar aqueles casos nos que temos unha construción apositiva formada por máis de dous fragmentos entre pausas? ¿Trátase de varios membros apostos ó primeiro ou tamén nestes casos témo-la inserción de construcións apositivas noutras, co

cal poderíamos chegar a unha construción apositiva superior constituída só por dous membros?.

No noso corpus encontramos algúns exemplos de tres membros en total (*A*, *B* e *C*), só un de catro (*D*) e outro de cinco (*E*):

- A) Dest' un miragre vos direi ora / que a Virgen quis mui grand' amozar. / Santa Maria, a que sempr' ora / polos peccadores de mal guardar... (t. II, c. 255, p. 21, liñas 8-10).
- B) Mostra aqui teu miragre, / ay, Virgen santa conprida, / vogada dos peccadores, / de todos santos vida (t. II, c. 355, p. 270, liñas 95-96).
- C) Mas la Reña, que serva / era da que pod' e val, / Virgen Santa groriosa, / Reyn[n]la espirital... (t. II, c. 256, p. 27, liñas 25-26).
- D) Estes son dos teus /.../ Miragres, Virgen, Madre do Sennor / do mundo, Jhesu-Cristo, Salvador, / aquel que foi morrer por noss' amor (t. I, c. 133, p. 480, liñas 33-37).
- E) Virgen Madre groriosa, / de Deus filla e esposa, / santa, nobre, preciosa, / quen te loar saberia / ou podía? (t. II, c. 340, p. 230, refrán).

Se desde o punto de vista informativo a construción apositiva se caracteriza por ofrecer nova información no membro apostado acerca do primeiro, nos exemplos que teñen claramente dous membros, parece lóxico pensar, tamén para estes de varios membros, que cada segmento entre pausas, excepto o segundo, non podería se-lo membro apostado do primeiro, pois o membro apostado debe ter en conta a información anterior transmitida para poder aportar, á súa vez, nova información. Deste modo, o terceiro fragmento, por exemplo, non podería se-lo membro apostado do primeiro, porque debe ter en conta a información aportada co primeiro e co segundo para non repeti-la do segundo.

Así entendido, tamén nestes casos de varios fragmentos entre pausas debemos falar de inserción de construcións apositivas, aínda que é unha inserción distinta á que vimos ó comezo do apartado. Deste xeito, mentres daquela a construción inserida desempeñaba unha función sintáctica no interior do segundo membro da que a acollía, agora un dos membros da construción superior -ou os dous, se o número de fragmentos entre pausas é superior a tres- está constituído por outra construción apositiva. Así mesmo, cando os fragmentos entre pausas son máis de tres, podemos ter insercións nun membro non só nun primeiro nivel -como antes-, senón tamén en posteriores.

Analicemos, a modo de exemplo, un de tres segmentos entre pausas:

- Dest' un miragre vos direi ora / que a Virgen quis mui grand' amozar, / Santa Maria, a que sempr' ora / polos peccadores de mal guardar... (t. II, c. 255, p. 21, liñas 8-10).

Neste caso témo-la posibilidade de interpretar que a construción apositiva *Santa Maria, a que sempre ora / polos peccadores de mal guardar* é o membro aposto a *a Virgen* -que, á súa vez, é o primeiro membro da construción apositiva que aparece no nivel superior-, ou ben que a construción apositiva *a Virgen...*, / *Santa Maria* é o primeiro membro da que aparece no nivel superior, sendo o seu membro aposto *a que sempre ora / polos peccadores de mal guardar*.

7. FUNCIONS SINTÁCTICAS QUE PODE DESEMPEÑA-LA CONSTRUCCIÓN APOSITIVA

Hai que sinalar, en principio, que a chamada tradicionalmente *aposición*, tanto referido á construción apositiva como ó membro aposto, non é, como ben indica Bureau (1978), unha nova función sintáctica ó lado das funcións sintácticas tradicionais como o SUXEITO ou o COMPLEMENTO DIRECTO. Pola contra, os membros da construción apositiva poden desempeñar conxuntamente unha función sintáctica no todo no que se inclúen.

A maior parte das construcións apositivas da nosa obra desempeñan as dúas funcións non predicativas máis nucleares (SUXEITO e COMPLEMENTO DIRECTO):

SUXEITO:

- A) Esto foi en aquel ano / quando o mui bon Rey gāou, / Don Fernando, a capela (t. II, c. 256, p. 26, liñas 10-11).
- B) Mai-la da gran piedade, / mui sag' e de gran bondade, mostrou-sse (t. I, c. 231, p. 713, liñas 45-47).

COMPLEMENTO DIRECTO:

- A) E comprou end' ũa, / a mellor pintada,... (t.I, c.9, p.130, liña 68).
- B) Foi ofrecer o Salvador, / seu Fill', a Deus (t. II, c. 410, p. 381, liñas 35-36).

Tamén encontramos construcións apositivas desempeñando o resto de funcións sintácticas primarias (as que teñen lugar dentro da cláusula no primeiro nivel de análise sintáctica), excepto a de PREDICADO:

COMPLEMENTO CIRCUNSTANCIAL -de lugar (A) e de tempo (B)-:

- A) Esto foi en Ayamonte, / logar ja quanto fragoso, / pero terra avondada / de perdiz e de cõello (t. II, c. 273, p. 65, liñas 7-8).
- B) E chegaron ao Porto / mércores, primei]ro día / d' abril,... (t. II, c. 393, p. 349, liñas 17-18).

COMPLEMENTO INDIRECTO:

- Todos quantos est' oyron / deron graças e loor / aa Virgen gloriosa. / Madre de nostro Sennor:... (t. I, c. 53, p. 253, liñas 70-71).

SUPLEMENTO:

- Porque en meu Fillo fías, o gran Rey:... (t. I, c. 131, p. 471, liñas 57-58).

ATRIBUTO:

- Esta é a Madre de Nostro Sennor. / Santa María, que... (t.I, c. 170, p. 563, liñas 4-5).

COMPLEMENTO AXENTE:

- Pois a dona foi ferida mal daquel, peyor que tafur:... (t. I, c. 5, p. 118, liña 103).

Nalgún caso a construción apositiva non desempeña ela soa unha función sintáctica, pois vai coordinada con outro elemento:

- Tu amas a Jhesu-Cristo / muito e a mi, sa Madre:... (t. II, c. 309, p. 152, liña 33).

Así, neste exemplo, *a Jhesu-Cristo* e *a mi, sa Madre* desempeñan conxuntamente a función de COMPLEMENTO DIRECTO, que é discontinua, posto que entre eles aparece o adverbio *muito*.

Incluso é posible que unha función sintáctica secundaria (a que ten lugar na frase) sexa desempeñada pola construción apositiva -referímonos á de MODIFICADOR-:

- Outro bon frade foi log' encender / candeia da Virgen, bēeita moller (t. I, c. 123, p. 449, liñas 22-23).

8. CONSTRUCCIÓNS APOSITIVAS QUE NON DESEMPEÑAN UNHA FUNCIÓN SINTÁCTICA

A construción apositiva na nosa obra non sempre desempeña unha determinada función sintáctica, aínda que isto é o máis habitual. Deste xeito, temos algúns exemplos de construcións apositivas que constitúen un segmento que se destaca en cabeza de cláusula, sen marca de función sintáctica, e que é recollido nesta mediante un pronome. Nestes casos a construción apositiva desempeña a función informativa de FOCO:

- E tres mouros que entraran. / chus negros que Satanas. / no castelo, os de dentro / os fizeram en caer (t. I, c. 185, p. 599, liñas 82-83).

É este, igualmente, o caso de construcións apositivas que son vocativos porque, como sabemos, o vocativo non é ningún tipo de función sintáctica, senón que se trata dunha interpelación no principio, decurso ou fin do enunciado. Estes exemplos son bastante problemáticos, como veremos a continuación.

Nalgunha ocasión témo-la posibilidade de interpretar que nunha secuencia hai dous vocativos independentes, dirixidos ó mesmo ser -case sempre a Virxe-, ou un só vocativo, conformado por unha construción apositiva, sendo a entoación a que establece a distinción -vehemente trala pausa entre os dous fragmentos, se son dous vocativos, e non vehemente se é un só:

- A) Virgen gloriosa. / Madre de gran piedade. / non cates a meus pecados (t. II, c. 355, p. 269, liñas 90-91).
- B) Ay, Madre do que nos manten. / Virgen Santa Maria, e ven-mi ajudar (t. I, c. 73, p. 315, liñas 42-43).

Outras veces trátase claramente non de dous vocativos, senón dunha construción apositiva en calidade de vocativo:

- A) E en caendo, chamando / a grandes braados ya: / “Acorre-me, Gloriosa. / a Vella Santa Maria de Segonça...” (t. II, c. 383, p. 332, liñas 46-48).
- B) Estes son dos teus / ... / Miragres, Virgen, Madre do Sennor / do mundo, Jhesu-Cristo, Salvador. / aquel que foi morrer por noss' amor (t. I, c. 133, p. 480, liñas 33-37).

No primeiro exemplo o segundo membro xa non podería interpretarse como outro vocativo, á parte da entoación, por ir precedido do artigo. No segundo tampouco parece que se poida falar de vocativo para *Madre do... noss' amor* por tratarse dun membro demasiado longo dentro do cal existe outra construción apositiva.

Finalmente, noutros exemplos non parece posible a interpretación deses dous membros como unha construción apositiva, senón que se trataría de dúas interpelacións á mesma persoa:

- A) Santa Maria. / Sennor, pois que vin a ti, / non queiras que... (t. I, c. 127, p. 461, liñas 46-47).
- B) Ome bõo. / padre, e non vos matedes (t. I, c. 175, p. 574, liñas 50-51).
- C) Santa Virgen, Reynna. / quen foy o que t' assi matou, / seja el cofondudo (t. I, c. 237, p. 730, liñas 101-102).

Estes son exemplos nos que o segundo membro está constituído por unha soa palabra, que pode ser un título co que é coñecida a persoa á que nos diriximos (nos exemplos A e C *Senhor* e *Reynna*, respectivamente), ou un nome de parentesco co cal tamén habitualmente interpelamos a alguén (*padre*, no exemplo B).

A práctica totalidade de vocativos constituídos por unha construción apositiva e dirixidos á Virxe -a inmensa maioría- parece ter como finalidade obter un favor da Nai de Deus (o perdón dos pecados, con frecuencia). Para isto, recórdanselle á mesma, no segundo membro, determinadas facetas ou aspectos da súa persoa (por exemplo, ser piadosa) que se supón que a inducirán a realiza-lo que un desexa conseguir dela. Entón, nestes casos non parece que o emisor queira introducir co membro apostado unha explicación ó primeiro na que se ofrezca nova información acerca deste, porque a realidade extralingüística á que os dous membros se refiren é o receptor desa mensaxe e é evidente que ese receptor é quen mellor se coñece. Máis que informar, deberíamos dicir que o cometido do membro apostado é aquí o de recordar determinada información. O mesmo ocorrería, por exemplo, en construcións apositivas inseridas nunha cláusula coa cal nos estamos dirixindo a alguén e esa persoa non necesita que se lle explique nada acerca do primeiro membro.

Segundo a observación que fixemos, poderíamos pensar que habería que pór en dúbida o feito de que na construción apositiva o segundo membro introduce algunha información nova sobre o primeiro -véxase o apdo. 3.-. En principio, debemos preguntarnos qué significa que o segundo membro ofrezca nova información. *Nova* apunta a que ese segundo membro non é redundante, pois non se limita a repeti-lo primeiro, senón que nel, e mediante palabras distintas (polo menos algunha delas), dáse algún dato máis acerca do membro anterior, independentemente de que esta información sexa ou non coñecida polo receptor. *Nova* non é, polo tanto, sinónimo de *non coñecida*. Así, podemos seguir considerando que a afirmación feita por Meyer (1987) pode aplicarse, efectivamente, a tódolos exemplos de construción apositiva.

9. CATEGORÍAS GRAMATICAIS NA CONSTRUCCIÓN APOSITIVA

9.1. Núcleo do primeiro membro

A clase máis numerosa como núcleo do primeiro membro está conformada polos substantivos. Dentro destes, o que encontrámo-la maior parte das veces, e con respectable diferenza, é *Virgen*. Isto é lóxico, porque o obxectivo das *Cantigas de Santa Maria* é facerlle unha louvanza á mesma e, precisamente, a construción apositiva parece o medio idóneo para resalta-las súas insuperables calidades:

- A) Mas non quis a Virgen, das outras mellor, /.../ Que... (t. I, c. 96, p. 376, liñas 54-56).
- B) Encomendou aa Virgen, / a madre de Deus onrada, / que... (t. I, c. 184, p. 595, liña 17).

Exceptuando *Virgen*, temos, en primeiro lugar -como núcleo do primeiro membro-, os substantivos comúns, predominando dentro destes de forma esmagadora os concretos-contables-individuais e referidos a animados (humanos). Temos soamente dous casos de animados non humanos, pero, aínda así, un deles (*flor*, en *B*) é dunha metáfora aplicada a un humano:

- A) Ao lavrador nacera / muleta, com' aprix eu, / en ssa casa, fremosya... (t. I, c. 178, p. 581, liñas 11-12).
- B) Mais que da Flor, / sa Madre, disse peor (t. I, c. 72, p. 313, liñas 42-44).

En canto ós substantivos abstractos, non rexistramos máis de tres exemplos (*amor*, *vida* e *ben*):

- A) Per que seu amor ajades, / o que nunca aver pude / quen en eles ben non cree (t. II, c. 297, p. 123, liñas 7-8).
- B) E esta vida facendo, / tan brava e tan esquiva... (t. I, c. 45, p. 231, liña 21).
- C) Fazendo-lles muito ben, / o que lle pouco graçian / e... (t. I, c. 235, p. 722, liñas 25-26).

Os colectivos son igualmente pouco abundantes e nos dous únicos exemplos incluso se repite o mesmo (*conpanna*):

- A) Beeyta a conpanna / que t' ouv' aconpan[n]ada, / d' angeos mui fremosos preçis[s]on ordiada... (t. II, c. 420, p. 405, liñas 45-46).
- B) Mui maas conpannas se foron tan tost' y meter, / ribaldos e jogadores de dados / e outros que lles tragian y vyo a vender; (t. I, c. 38, p. 212, liñas 27-29).

Encontramos, así mesmo, algún exemplo esporádico cun inanimado (*jaspis*, a continuación):

- Que dun jaspis mui riq' era, / pedra nobre connoçuda... (t. II, c. 376, p. 314, liña 23).

Indiquemos que no grupo de substantivos comúns maioritario (concretos, contables, individuais e referidos a humanos) predominan os nomes de parentesco (*madre* -referido fundamentalmente á Virxe-, *moller*, *fillo*, *irmão*, *avoo*, e algún outro). Vexamos dous exemplos:

- A) Mas un irmão que o Cond' avia, mui falss' e sandeu, Pediu-lle... (t. I, c. 5, p. 117, liñas 91-92).

B) E avia hun seu fillo. / bela creatura;... (t. II, c. 399, p. 353, liña 18).

Son moi frecuentes tamén, fundamentalmente referidos a Deus e á Virxe, *rey* ou *reyinna*, *Sennor* e *emperador* ou *emperatriz*:

A) Dest' un miragre mostrar / en un' abadia / quis a Reynna sen par. / santa, que nos guia (t. I, c. 94, p. 368, liñas 13-16).

B) A Sennor de prez. / Madre de Deus, me fez... (t. I, c. 155, pp. 533-534, liñas 59-60).

C) Dizend' aquesto, a Emperatriz. muit' amiga de Deus, / vyu... (t. I, c. 5, p. 119, liñas 138-139).

Outra boa parte deles, aínda que xa en menor número, fan referencia a profesións: *avogada* -sempre aplicado á Virxe-, *monge*, *frade*, *mandadeiras*, *peões*, *Apostolos*, *clerigo*, *capelan*, e algún outro. Velaí dous exemplos:

A) E porend' ūs peõ[e]s. / almogavares muy bõos. / pero ja quanto ladrões, / foram mal fazer a mouros (t. II, c. 373, p. 310, liñas 12-14).

B) E un capelan das donas. / bõo om' e enssinado, / estava... (t. I, c. 222, p. 691, liñas 22-23).

Despois dos substantivos comúns figuran os nomes propios. Entre estes, aparecen con moita frecuencia os antropónimos (fundamentalmente *Santa Maria*), quedando os topónimos (*Ayamonte*, *Roma*, *Tocha*, *Coira*, etc.) en moi segundo lugar. A continuación temos tres exemplos dos primeiros e un (o *D*) dos últimos:

A) Que mostrou Santa Maria. / aquela que foi parir / Deus e ome Jhesu-Cristo,... (t. II, c. 324, p. 190, liña 7).

B) O ben que perdeu Eva. / a nossa madr' antiga,... (t. II, c. 320, p. 181, liñas 14-15).

C) E era y Don Affonso / Telez. ric-ome preçado,... (t. I, c. 205, p. 651, liñas 20-22).

D) Que fez Santa María... / cabo Madrid' en Tocha. / logar religioso,... (t. II, c. 315, p. 169, liñas 6-7).

En terceira posición témo-lo artigo definido, cando vai seguido dunha cláusula de relativo especificativa, dunha frase preposicional ou dun adxectivo:

A) Mas a que nunca falece. /.../ Virgen santa groriosa, / ouve dela piedade (t. II, c. 331, p. 207, liñas 47-49).

- B) E loand' a do bon prez. / a Madre de Jhesu-Christo (t. II, c. 258, p. 31, liñas 46-47).
- C) E fezeron y altar /.../ A onrra da Groriosa. / a Virgen Madre de Deus (t. II, c. 315, p. 171, liñas 23-25).

Non consideramos, en casos coma estes, que a secuencia que segue ó artigo definido está substantivada -confusión entre categoría e función- e que desempeña a función de NÚCLEO, senón que é o MODIFICADOR do artigo. Este pasa a desempeña-lo papel de núcleo ó falta-lo substantivo.

Finalmente, nalgúns exemplos o núcleo é un pronome persoal, demostrativo -seguido dunha cláusula de relativo especificativa- ou indefinido:

- A) Tu amas a Jhesu-Cristo / muito e a mi. sa Madre... (t. II, c. 309, p. 152, liña 33).
- B) Dest' un miragre mui nobre / mostrou en Costantinobre / aquela que nos encobre / e que nos faz perdōar. /.../ Madre do que nos governa. / e que é nossa lanterna... (t. II, c. 405, p. 368, liñas 11-16).
- C) E comprou end' ũa. / a mellor pintada... (t. I, c. 9, p. 130, liña 68).

9.2. Núcleo do segundo membro

Case tódolos autores afirman que o elemento nuclear do membro aposto, referíndonos como sempre ó contexto da frase nominal, é un substantivo, admitindo algúns, así mesmo, o pronome e o infinitivo -entre estes Grevisse (1964) ou Paula (1983)-. O adxectivo constitúe, indiscutiblemente, o punto clave do debate. O que interesa en principio, na nosa opinión, é que o segmento que conforme calquera dos membros teña capacidade de referencia dentro desa construción, polo cal quedan excluídos, loxicamente, elementos tales como a preposición ou a conxunción en calidade de núcleos.

Como ocorría co primeiro membro, na gran maioría dos exemplos do noso corpus o núcleo é un substantivo común-concreto-contable-individual e referido a animado humano e, de forma similar ó que dicíamos no apartado 9.1., dous dos catro únicos exemplos de animados non humanos refírense a persoa (o B e o C), nunha construción metafórica:

- A) Dar-t-ei o que trag', en don, / a vaca... (t. I, c. 31, p. 193, liñas 30-31).
- B) Nas coitas devemos chamar / a Virgen. estrela do mar (t. I, c. 112, p. 417, refrán).
- C) E a Santa Maria muitos dados / loores, a Estrela Madodinna (t. I, c. 54, p. 256, liñas 77-78).
- D) En riba d' Aguadiana / á un logar muit' onrrado / e Terena chaman y, / logar mui sant' aficado. / u muitos... (t. I, c. 224, p. 695, liñas 21-22).

É o *D* o único exemplo do corpus no que se repite o núcleo do primeiro membro (*logar*) como núcleo do segundo.

Un novo punto de discordancia é se o membro aposto pode ser idéntico ó outro. Entre os que afirman que esta repetición é posible están Alcina e Blecua (1975) ou Paula (1983). Esta última fala nestes casos de aposición “identificadora”, incluída, á súa vez, nas “reiterativas” (Paula, 1983, p. 147). Dentro destas últimas menciona, ademais, aquelas nas que só se repite o elemento nuclear do primeiro membro con variación nos determinantes e / ou modificadores, ou aquelas nas que o elemento nuclear do segundo membro é unha variante do núcleo do primeiro, xunto con outros exemplos nos cales non vemos motivo para falar de reiteración. Na nosa opinión, non se pode falar de construción apositiva nos casos de repetición exacta do primeiro membro no segundo, porque con ela non introducimos ningunha información nova -serían casos de énfase-. Si é posible, pola contra, a repetición do núcleo do primeiro membro da construción apositiva como núcleo do segundo, sempre que ese núcleo do membro aposto leve uns determinantes e/ou modificadores diferentes dos do primeiro, para poder introducir con eles algunha información adicional acerca do anterior. Isto último é precisamente o que ocorre no noso exemplo (*D*).

Non temos no corpus ningún exemplo de núcleo do segundo membro que sexa unha variante do núcleo do primeiro, pero consideramos que é posible, porque non se repetiría tampouco a mesma información no membro aposto.

Dentro dos substantivos comúns-concretos-contables-individuais e referidos a humanos, o grupo máis numeroso está constituído polos de parentesco -como no apartado anterior- e polos de profesión, sendo estes máis abundantes que no primeiro membro:

- A) Mas a Virgen, de Deus Madre, / log’ enton del se nenbrou (t. I, c. 13, p. 139, liña 14).
- B) Porend’ a Deus, teu Fill’, u sé / roga... (t. I, c. 146, p. 514, liñas 95-96).
- C) Mui maas conpannas se foron tan tost’ y meter, / ribaldos e jogadores de dados / e outros que lles tragian y vño a vender:... (t. I, c. 38, p. 212, liñas 27-29).

No que se refire ós substantivos abstractos só achamos tres exemplos (*esforço*, *lussuria* e *acorro*), pero dous deles están aplicados á Virxe en construcións metafóricas (*A* e *C*):

- A) Mas tu dos coitados esforç’ e escudo, / val-me (t. II, c. 267, p. 53, liñas 72-73).
- B) Mas por seu pecado / a lussuria tan deitado,... (t. I, c. 111, p. 414, liñas 16-18).
- C) O jogar sse foi sa via, / dando mui grandes loores / aa Virgen groriosa, / acorro dos peccadores,... (t. I, c. 194, p. 624, liñas 50-51).

Recollemos soamente dous exemplos de colectivos (*preçisson* e *conpanna*), sendo un deles (o segundo) o mesmo que vimos para o primeiro membro:

- A) Beeyta a conpanna / que t' ouvo aconpan[n]ada, d' angeos mui fremosos, preçis[s]on ordiada (t. II, c. 420, p. 405, liñas 45-46).
- B) Chegaron ali navios de mouros, conpanna / que ben d' Africa vëeran por correr Espanna... (t. I, c. 95, p. 373, liñas 36-37).

Tamén figura no corpus un exemplo co substantivo neutro *cousa* -que pode ser aplicado tanto a cousas, como a feitos ou a persoas- e outro no que o artigo definido *o* pode ser conmutado por aquel:

- A) Viu a Virgen mui comprida / de ben con seu Fill' en braço, / nobre cousa e preçada (t. I, c. 128, p. 464, liñas 44-45).
- B) Per que seu amor ajades, / o que nunca aver pude / quen en eles ben non cree (t. II, c. 297, p. 123, liñas 7-8).

Sobre a posibilidade de que o adxectivo se erixise tamén en núcleo do segundo membro da construción apositiva formouse, como xa adiantamos no comezo deste apartado, unha gran polémica.

Entre os partidarios están Forsgren (1988) ou Aymard (1975), que consideran que o chamado na lingüística francesa *épithète détachée* pode formar parte da construción apositiva. Sobejano (1970) puntualiza, ademais, que o adxectivo aposto presenta unha atribución cualitativa igual que no caso do adxectivo inmediato -o que aparece ó lado do substantivo, sen pausa entre os dous-, coa diferenza de que a primeira se realiza en dous tempos e a segunda nun. Nesta mesma liña de admisión do adxectivo está o noso posicionamento.

É frecuente menciona-la predicación como unha das características da construción apositiva -por ex. Dessaintes (1971)-, motivo polo cal se lle negou con frecuencia ó adxectivo a posibilidade de se-lo núcleo do membro aposto, xa que atribúe propiedades. Incluso algúns que consideran dous tipos de construcións apositivas xa na terminoloxía indican que a que leva coma ten carácter predicativo. Deste xeito, Bogacki (1973) fala de aposición atributiva/predicativa. Pola contra, Lyons (1980) ou Meyer (1987), por exemplo, tamén opinan que existe atribución na construción apositiva tal como a entendemos nós (só a denominada *bimembre*). Como sabemos, a predicación implica dicir algunha cousa de algo ou de alguén, mentres que por *atribución* debe entenderse o feito de adxudicarlle unha propiedade a algo ou a alguén.

Ó noso ver, se ben a atribución é posible nalgúns exemplos de construción apositiva, isto non impide que sempre exista predicación na mesma. Como di Bogacki (1973), a predicación non necesariamente ten que estar indicada por un verbo en forma persoal, senón

tamén por trazos suprasegmentais como a entoación e o ritmo. Nós engadímo-la pausa, como indicador de predicación nas construcións apositivas. Parece, realmente, que a oposición predicación / atribución se suspende nas construcións que estudiamos, sendo característico dalgúns exemplos predicar propiedades. Comparémo-la diferenza que existe entre dúas frases como *o neno bo / o neno, bo*, (exemplos propios). Na primeira atribúeselle ó neno a calidade de ser bo (atribución), fronte a outros que non o son, mentres que no segundo estamos dicindo do neno que é bo (predicación e atribución) de forma non restrictiva. Como veremos no apartado 10., a atribución na construción apositiva tampouco é exclusiva do adxectivo.

Enténdese a miúdo a correferencia na construción apositiva no sentido de que o membro aposto designa doutra maneira o ser, cousa, idea ou feito do que se fala. Deste xeito, realmente non poderíamos dicir que son correferentes os membros daquelas construcións apositivas entre os cales se dá unha relación semántica distinta da identidade. Este foi un dos principais argumentos para negarlle ó adxectivo cualificativo a posibilidade de aparecer como membro aposto, mencionándose, ademais, co mesmo obxectivo a súa vinculación sintáctica co verbo da cláusula principal -por ex. Paula (1983)- ou a relación sintáctica de subordinación co suposto primeiro membro, diferente á que se dá entre os membros da construción apositiva -Taboada (1978), entre outros-. Vexámo-la seguinte afirmación:

“ce qui est original dans la fonction apposition (et ce qui la distingue de la caractérisation adjective) c’ est que la caractérisation de l’ être est obtenue, non pas en dégageant une de ses ‘qualités’, mais en nommant cet être d’ une autre façon” (Galichet, 1957, pp. 182-183).

O adxectivo, ó indicar calidades dos seres ou cousas -e non os seres ou cousas en si mesmos-, non podería, segundo este razoamento, se-lo núcleo do membro aposto. Sen embargo, os que opinan así deberían incluír xunto co adxectivo cualificativo os chamados por Riegel (1985, p. 69 e seguintes) “noms de propriété” -bondade, brancura, etc.-, posto que, como o nome indica, tamén indican propiedades ou calidades. Este autor fala para o adxectivo e os nomes de propiedade de non autonomía referencial, no sentido de que non poden designar por eles mesmos a ocorrencia particular dunha propiedade. Segundo Milner (1978), o adxectivo si tería autonomía referencial, entendida esta como o feito de posuír un conxunto de propiedades léxicas, non podendo ter, sen embargo, referencia individual en por si.

Como vimos no apartado 2., a correferencia na construción apositiva debe ser entendida de forma máis ampla, non coma o feito de que no segundo membro se designe doutra maneira aquilo do que falamos no primeiro, senón coma o feito de que os dous membros remitan en última instancia, e grazas á propia construción, a un mesmo referente extralingüístico. Así, neste aspecto non hai por que excluí-lo adxectivo de entre os posibles membros apostos, pois este, na construción apositiva, ó predicar unha propiedade acerca do primeiro membro está enviando ó mesmo referente ca este, sendo a construción a que posibilita que o adxectivo teña unha referencia extralingüística.

Por outra parte, non vemos motivo para dicir que o adxectivo entre pausas está sempre vinculado sintacticamente ó verbo da cláusula principal -na construción apositiva non-. Con respecto á relación sintáctica co primeiro membro diferente á que se dá entre os membros da construción apositiva, isto non é tampouco totalmente certo, como veremos no apartado 11., e non constitúe, polo tanto, motivo suficiente para a súa exclusión.

Vexamos, pois, os exemplos de adxectivo coma núcleo do segundo membro nas construcións apositivas do noso corpus.

Tralo substantivo común, a seguinte categoría en frecuencia é o adxectivo, que aparece habitualmente -só ou como núcleo dunha frase adxectiva- en coordinación con outro adxectivo:

- A) E daquesto un gran feito / dum miragre vos direi /.../ Esto foi d'ũa donzela / que era en Fontebrar / monja, fremosa e bela... (t. I, c. 59, p. 269, liñas 5-14).
- B) Jazendo morto chorara / por prazer da Groriosa, / santa e dereitureira (t. I, c. 43, p. 227, liñas 65-66).
- C) E u passavan ant' hũa capela / de San Pedro, mui' aposta e bela... (t. I, c. 26, p. 178, liñas 62-63).

Tampouco é infrecuente encontrar coordinados un adxectivo -só ou como núcleo dunha frase adxectiva- e unha frase preposicional:

- A) Que quis mostrar en Espanna / a Virgen Santa Maria, / piadosa e sen sanna... (t. I, c. 55, p. 257, liñas 5-6).
- B) Mai-la da gran piedade, / mui sag' e de gran bondade, mostrou-sse (t. I, c. 231, p. 713, liñas 45-47).

Figura algún caso de coordinación de dous adxectivos e unha frase comparativa que ten como elemento central outro adxectivo:

- Ca sse viu sobr' un poc' aquela vez, / estreit' e fond' e mais negro ca peza... (t. I, c. 58, p. 267, liñas 30-31).

É frecuente, así mesmo, a súa aparición nestas frases comparativas, sen coordinar con outros adxectivos:

- A) Malvaz /.../ Demo foi, chus negro ca peza, / que m' este torto fazer fez (t. I, c. 68, p. 303, liñas 42-44).
- B) Porende no ynferno ide log' entrar / con vosso mal rey, mui peor que rapaz (t. I, c. 82, p. 339, liñas 43-44).

En contadas ocasións, sen embargo, encontramos un adxectivo coma o único elemento do segundo membro:

- A) De tal razón un miragre / a Virgen Santa María / fez por un mercader, grande / que... (t. I, c. 172, p. 567, liñas 5-6).
- B) Que casad' era mui ben / con dona menia, bela... (t. I, c. 84, p. 343, liñas 11-12).

É máis habitual, pola contra, que vaia acompañado dalgún tipo de precisión:

- A) Pois ei de soffrer tal coita / no ynferno, tan esquiva... (t. I, c. 75, p. 323, liña 160).
- B) A mui Groriosa / pareceu-lle en sonnos, sobejo fremosa... (t. I, c. 79, p. 333, liñas 17-18).

A nosa consideración como membro aposto do adxectivo entre pausas non implica, por suposto, que tódolos adxectivos que aparezan desde xeito formen parte da construción apositiva. Vexamos dous exemplos:

- A) Non acharon na colmea / erg' a ostia sagrada, /.../ que o vilão metera / y con gran mengua de siso, / mui sãa e mui fremosa, / como x' a Deus guardar quiso (t. I, c. 128, p. 465, liñas 65-67).
- B) Desta razón fez miragre / Santa María, fremoso, / de Salas, por hũa moura / de Borja, e piadoso... (t. I, c. 167, p. 556, liñas 5-6).

No primeiro exemplo *mui sãa e mui fremosa* é o predicativo do CD (*a ostia sagrada*), que remite a *acharon* e que pode ser conmutado polo adverbio *así*. No exemplo *B* temos un substantivo común sen determinante (*miragre*) que semella poder aparecer así precisamente por levar algún tipo de modificador. Polo tanto, non parece probable que *fremoso... e piadoso* constituía un membro aposto, senón que é máis lóxico que sexa a modificación de *miragre*, que aparece entre pausas para evitar malas interpretacións debido á intromisión doutros fragmentos lingüísticos entre el e o seu núcleo -e incluso nel mesmo.

Así mesmo, temos unha serie de exemplos con adxectivo entre pausas que se incluírían, na nosa opinión, no que Milner denomina “noms de qualité en incise” (Milner, 1976, p. 153) ou “dislocation” (Milner, 1978, p. 183):

- A) Quando con pavor os judeus / de angeo, esses encreus, / cada un deles caya (t. II, c. 425, p. 416, liña 2).
- B) Mais el foy demovudo /.../ Contra ela, o traedor... (t. I, c. 237, p. 728, liñas 47-49).

- C) Desta guisa o tiveron fora do camiño / ata[d]' en hũa gran casa vella, o mesquinno (t. I, c. 85, p. 346, liñas 17-18).
- D) Quand' oyu aquesto sa madr', a mesquíña,... (t. I, c. 114, p. 421, liña 21).
- E) Deu mui maa noite / a sa madre, a mesq[u]ya. / que o andava busca[n]do (t. I, c. 6, p. 122, liñas 49-50).
- F) Levó-o per seus pecados / u estaban ajuntados / ladrões, o traedor,... (t. I, c. 102, p. 390, liñas 33-35).
- G) En hu(a abadia / un tesoureiro avia, / monge que trager / con mal recado / a ssa fazenda sabia. / por a Deus perder, / o malfadado (t. I, c. 11, p. 134, liñas 10-16).

Nalgún deles (o *C* e o *F*) non aparece o membro ó que remite a dislocación, estando representado polo pronome *o* -no *C*- ou polos morfemas verbais de número e persoa de *levó* -no *F*-. Fixémonos tamén en que no *G* é curioso que o membro ó que remite *o malfadado* sexa unha construción apositiva.

Estes exemplos das *Cantigas de Santa Maria* están, evidentemente, á par doutros -tan discutidos- do tipo *ella, la tonta, se lo creyó* (Alarcos, 1970, p. 144). Así, mentres Tamine (1976), por exemplo, opina que se trata dunha construción apositiva, Milner, como xa dixemos, considera que se trata de algo ben distinto. Finalmente, algún outro non se decide por ningunha das dúas solucións senón que, e a medio camiño entre elas, fala de "inciso apositivo" (Alarcos, 1970, p. 144). Estes exemplos problemáticos teñen como segundo membro adxectivos de calidade, fundamentalmente, precedidos do artigo definido ou do demostrativo e que conlevan un sentido negativo a maior parte das veces.

Sen entrarmos en detalle nesta discusión, posto que daría sobradamente para outro artigo, digamos simplemente que chegamos á mesma conclusión que Milner: estes exemplos non poden ser considerados dentro da construción apositiva. Un motivo máis que suficiente para que os rexeitemos como construcións apositivas é que, ó igual que ocorrería cunha interpelación a alguén -e a diferenza con esta é o estilo directo do vocativo / indirecto na dislocación cualitativa-, o adxectivo en dislocación cualitativa, que constitúe un comentario valorativo, non está sintacticamente vinculado á cláusula da que forma parte aquel segmento lingüístico ó que envía e, en consecuencia, non pode formar unha construción con este.

Agora ben, que o noso posicionamento conflúa co de Milner non implica que esteamos totalmente de acordo con el nas diferenzas entre construción apositiva e dislocación, pois algúns dos nosos exemplos parecen non responder ás súas afirmacións acerca de que na dislocación cualitativa se expresan propiedades non permanentes, fronte á construción apositiva -exemplos *A* e *G*-, ou de que a dislocación cualitativa só remite á función SUXEITO, pois en *C* e *G* remite ó COMPLEMENTO DIRECTO e en *E* ó COMPLEMENTO INDIRECTO.

Tralo adxectivo, temos que menciona-la frase preposicional, que se nos presenta coordinada cun adxectivo -ver máis arriba- ou soa, como constituínte único do segundo membro:

- A) Porend' un daquestes é ben que vos digamos, / dos mais piadosos (t. I, c. 37, p. 209, liñas 8-9).
- B) El Cond' Abran foi aqieste, de mui santa vida, / que fez... (t. I, c. 95, p. 372, liñas 13-14).
- C) Que leixou sas mannas / e fillou log' outras, daquelas estrannas (t. I, c. 79, p. 334, liñas 33-34).

Nos exemplos A e C, ademais da caracterización do primeiro membro como *piadoso* e como *estrannas*, respectivamente, infórmase nos de que está incluído na clase preexistente de *os mais piadosos* -referido a *miragres*, en A- e de *aquelas estrannas* -referido a *mannas*, en C.

Ó falar de frase preposicional como segundo membro da construción apositiva non estamos pensando naqueles casos nos que o primeiro membro vai precedido dunha preposición que se repite diante do segundo. No noso corpus encontramos algún exemplo disto:

- A) Que emperador de Roma foi, daquela gran cidade (t. I, c. 67, p. 298, liña 9).
- B) E do fogo tan mal / eran tormentados, / deste de San Marçal,... (t. I, c. 134, p. 481, liñas 13-15).
- C) Que fez en Costantinobre, na rica cidade,... (t. I, c. 34, p. 200, liña 6).

De entre os autores que se preocuparon pola cuestión da repetición da preposición do primeiro membro no segundo temos, unha vez máis, variedade de opinións. En primeiro lugar, podemos mencionar ós que a admiten. É o caso de Olesen (1963), que puntualiza, ademais, que mentres na aposición cualificativa nunca se presenta esta repetición, na identificativa é posible. En segundo lugar, están os que afirman que no caso de que a preposición se repita non se trata dunha construción apositiva, porque -como di Gobbe (1978)- a preposición que precede ó primeiro membro xa rexe a construción apositiva, ou porque o “point d’ incidence” do segundo membro é, nos exemplos de repetición, o mesmo que o do primeiro e non o primeiro membro, como na nosa construción -Aymard (1975)-. Un exemplo que nos ofrece esta última é *Je n’ étai qu’ une adolescente attardée, amoureuse de son patron, du professeur André Delattre* (Aymard, 1975, p. 140). Segundo ela, trátase dun caso de “relais”, no que as dúas frases funcionan paralelamente e non en conxunto, remitindo formal e sintacticamente a un mesmo elemento -neste caso *amoureuse*, que é o “point d’ incidence”.

Nós decantámonos a favor desta última liña, porque os membros da construción apositiva teñen que funcionar conxuntamente para conformar tal construción e, deste xeito, cando unha preposición precede ó primeiro aféctalle non só a este, senón ó conxunto primeiro-segundo membros, que sería o seu TERMO, sintacticamente falando. Aplicando, entón, a terminoloxía de Aymard ós nosos exemplos, diremos que o “point d’ incidence” (Aymard, 1975, p. 140) é o substantivo *emperador* en *A*, en *B* a secuencia verbal *eran tormentados*, e en *C* o verbo *fez*.

Despois das frases preposicionais, os seguintes en frecuencia son o artigo definido e o nome propio -sempre antropónimo-:

- A) Aquel podedes jurar / que é ben de mal guardado / o que a Virgen fillar / vai por seu acomendado (t. I, c. 135, p. 484, refrán).
- B) Esto foi en aquel ano / quando o mui bon Rey gãou, / Don Fernando, a capela (t. II, c. 256, p. 26, liñas 10-11).

O pronome carece, como di Milner (1978), dun conxunto de propiedades léxicas propias -a referencia virtual-, aínda que ten referencia actual, ó contrario do que ocorre co adxectivo. Precisamente por esa carencia, parece que non podería constituír el só o segundo membro dunha construción apositiva, pois este debe transmitir algún tipo de información sobre o primeiro e non só reproducir-la información que contén aquel. Pola contra, pode ser núcleo do membro aposto naqueles casos nos que leva algún tipo de modificación diferente á do primeiro membro, pois a información adicional vén xa aportada por eses modificadores. Sen embargo, opinamos que deben considerarse construcións apositivas aquelas nas que o pronome, como único elemento do membro aposto -do que non temos exemplos no corpus-, sexa capaz de desfacer unha ambigüidade, pois deste xeito estaría presentando algún dato adicional. Así, nun exemplo como o presidente, eu, será quen inaugure este local (exemplo propio) podemos considerar que o receptor -ou receptores- non sabe que o presidente é o emisor da secuencia.

No corpus achamos demostrativos (fundamentalmente *aquel* e *aquela*), seguidos sempre por unha relativa especificativa -como ocurría tamén no primeiro membro-, e un caso de indefinido (*outros*), seguido por outra relativa especificativa e coordinado cun substantivo e cunha frase nominal:

- A) Que mostrou Santa Maria, / aquela que foi parir / Deus e ome Jhesu-Cristo... (t. II, c. 324, p. 190, liña 7).
- B) Mui maas conpannas se foron tan tost’ y meter, / ribaldos e jogadores de dados / e outros que lles tragian y vño a vender:... (t. I, c. 38, p. 212, liñas 27-29).

Co adverbio de lugar (*ali*) figuran, así mesmo, dous exemplos:

- A) E foi ao mōesteiro / ali onde sse partira... (t.I, c.55, p.258, liña 25).
- B) Para mentes / en quant' agora aqui viste / outrosi [e] ena choça, / ali u migo seviste:... (t. I, c. 75, p. 323, liñas 168-169).

Neles o adverbio vai seguido por unha modificación, que é a que aporta o suplemento informativo. Se prescindimos dela, parece que non se poderían considerar estes exemplos dentro da construción apositiva, xa que, ó contrario do que ocorría co pronome, o adverbio non desfai ningunha dúbida -polo menos nestes exemplos-.

Tendo en conta o dito neste apartado, non tódolos exemplos de construcións apositivas das *Cantigas de Santa Maria* -no contexto da frase nominal-, poden incluírse nas frases nominais compostas, dentro das que diferencia Taboada (1978) as compostas por coordinación e por aposición, xa que o membro aposto a unha frase nominal, ademais doutra frase nominal, pode ser unha frase adxectiva, unha frase preposicional ou incluso unha frase adverbial.

9.3. Os determinantes e os modificadores do primeiro membro

Na gran maioría dos exemplos precedendo ó núcleo aparece o artigo definido, só ou seguido dun adxectivo, un adverbio e un adxectivo, etc.:

- A) E oyu falar os mouros /.../. deles brancos, deles louros (t. II, c. 325, p. 193, liñas 154-155).
- B) Que sabença do gran Rei, / seu Fillo... (t. II, c. 313, p. 163, liñas 13-14).
- C) Esto foi en aquel ano / quando o mui bon Rei gāou, / Don Fernando, a Capela (t. II, c. 256, p. 26, liñas 10-11).

En segundo lugar, e a pouca distancia do anterior, está o determinante cero ou, o que é o mesmo, a ausencia de determinante. Nestes casos o núcleo, ademais dun nome propio (A), un artigo -seguido dun adxectivo, dunha cláusula de relativo especificativa ou dunha frase preposicional (B)- ou un pronome (C), pode ser incluso un substantivo común (D):

- A) Braadou / por Santa María, que a sacou / del, a Reynna nobre spirital (t. I, c. 58, p. 267, liñas 51-53).
- B) Mai-la da gran piedade, / mui sag' e de gran bondade, mostrou-sse (t. I, c. 231, p. 713, liñas 45-47).
- C) Eu, Johan Damascão, que viv' aca', / vos envio sandar (t. II, c. 265, p. 47, liñas 87-88).
- D) Ao lavrador nacera / muleta, com' aprix eu, / en ssa casa, fremosya... (t. I, c. 178, p. 581, liñas 11-12).

En terceiro lugar, figuran -por orde de frecuencia- os posesivos (A), demostrativos (B), indefinidos (C), e numerais (D) -que tamén poden ir seguidos dun adxectivo, dun nome común, etc.:

- A) Estes son meus e de meu Fillo, Deus Jhesu-Cristo... (t. I, c. 85, p. 348, liña 63).
- B) E pois viron a mercee que me fez / esta Virgen Santa, Sennor de gran prez... (t. I, c. 209, p. 661, liñas 42-43).
- C) E ch-eo d' outros pecados / muitos, grandes e mēores... (t. I, c. 152, p. 526, liña 9).
- D) E tres mouros que entraran. / chus negros que Satanas. / no castelo, os de dentro / os fezeron en caer (t. I, c. 185, p. 599, liñas 82-83).

Na seguinte posición, e xa a distancia dos anteriores, está o artigo indefinido, que pode aparecer só (A) ou seguido dun posesivo (B), etc.:

- A) Isto dizendo, viu vñir muita gente / escarneçend' un ome mui feramente, / mui magre e roto e de fol conte[n]te (t. I, c. 65, p. 289, liñas 110-112).
- B) Que fez a Virgen por un seu sergente. / monge branco com' estes da Espya (t. I, c. 54, p. 254, liñas 12-13).

Finalmente, é excepcional o substantivo común precedendo ó núcleo. Vexamos un exemplo:

- U Mes[s]lias / Jhesu-Cristo, Deus e ome. / andou (t. II, c. 383, p. 332, liñas 32-33).

Tralo núcleo, a ausencia de modificación é o habitual:

- A) Mas a Virgen, de Deus Madre. / log' enton del se nembrou (t.I, c.13, p.139, liña 14).
- B) Foi offerçer o Salvador. / seu Fill', a Deus (t. II, c. 410, p. 381, liñas 35-36).

Poden figurar, así mesmo, unha frase preposicional (A), un adxectivo (B), unha cláusula de relativo especificativa (C) ou, en raras ocasións, unha frase nominal ou un substantivo que indica un apelido ou un sobrenome (D):

- A) E u passavan ant' hũa capela / de San Pedro, mui' aposta e bela... (t. I, c. 26, p. 178, liñas 62-63).
- B) Foron logo dar loor / aa Virgen groriosa. / Madre de nostro Sennor (t. II, c. 252, p. 14, liñas 25-26).

- C) Mas un irmão que o Cond' avia, mui falss' e sandeu, Pediu-lle... (t. I, c. 5, p. 117, liñas 91-92).
- D) Que Santa Maria fez... por Johan Boca-d' Ouro, nobre baron,... (t. I, c. 138, p. 493, liñas 14-15).

9.4. Os determinantes e os modificadores do segundo membro

Unha división que se establece frecuentemente entre as construcións apositivas é en canto á presenza / ausencia de determinante no membro aposto. A opinión máis xeneralizada é que esta presenza ou ausencia é indicadora dun diferente cometido semántico do segundo membro con respecto ó primeiro. Incluso outros -Picabia (1991), por exemplo- opinan que o membro aposto ten un diferente estatus sintáctico segundo a presenza ou ausencia de determinante no mesmo. Uns terceiros, entre eles Fuentes Rodríguez (1989), non consideran membros apostos aqueles nos que o substantivo non vai precedido dun determinante, posto que deste modo o substantivo perde o carácter de tal, adxectivándose. É evidente que se confunden aquí a categoría e a función dun elemento.

Os que admiten o membro aposto sen determinante, entre os que nos incluimos, coinciden en considerar que é o máis frecuente.

O noso corpus non é unha excepción ó que acabamos de dicir, xa que en algo máis da metade dos exemplos o núcleo do segundo membro non leva determinante. Nestes casos, como núcleo, ademais dos mencionados para o primeiro membro, aparece o adxectivo e o adverbio:

- A) Mais a de qu' el rei Salomon / falou, santa e pura, / a ssa oraçon ben oyu (t. I, c. 237, p. 729, liñas 76-77).
- B) Para mentes / en quant' agora aqui viste / outrosi [e] ena choça, / ali u migo seviste:... (t. I, c. 75, p. 323, liñas 168-169).

En segundo lugar, témo-los exemplos con determinante no segundo membro. O máis frecuente é o posesivo, pero tamén está o demostrativo, o indefinido, o numeral e o artigo definido, que aparece a maior parte das veces cun posesivo a continuación. Vexamos dous exemplos -de posesivo e de artigo definido seguido por un posesivo, respectivamente-:

- A) Este meny' en Castela / con Rei Don Affonso era, / seu avoo... (t. I, c. 221, p. 688, liñas 15-16).
- B) O do mui bon talan / me leixou, o meu Fillo:... (t. II, c. 419, p. 399, liñas 51-52).

En cantidade mínima figuran o artigo indefinido, só -basicamente- ou seguido dun adxectivo de calidade, e os termos de tratamento de cortesía -fundamentalmente *Don*-:

- A) A eles muy correndo / sayu ben desse monte / Reimund', un cavaleiro / roubador e guerreiro, / que de quanto tragian / non lles leyxou... (t. I, c. 57, p. 263, liñas 37-42).
- B) San German dentr' era y, / un santo Patriarcha... (t. I, c. 28, p. 184, liñas 34-35).
- C) Esto foi en aquel ano / quando o mui bon Rey gãou, / Don Fernando, a capela (t. II, c. 256, p. 26, liñas 10-11).

Tralo núcleo, a frase preposicional (A) e a ausencia de modificación (B) é o habitual, figurando en segundo lugar o adxectivo de calidade (C), o posesivo (D), a cláusula de relativo especificativa -soa ou coordinada con outra- (E), a segunda parte dun segmento comparativo (F) ou, finalmente, un substantivo -case sempre un apelido (G):

- A) Foron logo dar loor / aa Virgen groriosa, / Madre de nostro Sennor (t. II, c. 252, p. 14, liñas 25-26).
- B) Que sabaça do gran Rei, / seu Fillo... (t. II, c. 313, p. 163, liñas 13-14).
- C) E se non foss' a Virgen / Reynna esperital, / a ssa alma levara / o dem' a perdiçon (t. II, c. 284, p. 91, liña 12).
- D) E que os Apostolos, amigos seus, / compraran (t. I, c. 27, p. 180, liñas 12-13).
- E) Casar-te quero con un Alvernaz, / Gran piedad' ... / Ome que é mui ric' e muit' onrrado / e que te quer logo grand' algo dar (t. I, c. 105, p. 398, liñas 33-35).
- F) Porende no ynferno ide log' entrar / con vosso mal rey, mui peor que rapaz (t. I, c. 82, p. 339, liñas 43-44).
- G) Eu, Johan Damascão, que viv' aca', / vos envio sandar (t. II, c. 265, p. 47, liñas 87-88).

É posible que aparezan seguidos varios destes modificadores, en diferentes niveis da análise sintáctica. Vexamos algúns casos:

A.- Frase preposicional e adxectivo de calidade:

- Encomendou aa Virgen, / a madre de Deus onrrada, / que... (t. I, c. 184, p. 595, liña 17).

B.- Dous adxectivos de calidade:

- Mas a que nunca falece, /.../ Virgen santa groriosa, / ouve dela piedade (t. II, c. 331, p. 207, liñas 47-49).

C.- Frase preposicional e relativa especificativa:

- Que fez Santa Maria, / a Sennor de gran vertude / que dá aos mortos vida / e a enfermos saude? (t. I, c. 43, p. 227, liñas 77-78).

Finalmente, os exemplos nos que o modificador é outra frase nominal son escasos:

- A) E fezeron y altar /.../ A onrra da Groriosa, / a Virgen Madre de Deus... (t. II, c. 316, p. 171, liñas 23-25).
- B) Que fez esta Virgen... / En ù ome de Manssella, / mancebo barva pungente:... (t. II, c. 355, p. 267, liñas 11-12).

9.5. Combinacións de determinantes e de modificadores na construción apositiva

Algúns autores buscan a causa do tipo de determinante do segundo membro da construción apositiva en relación co do primeiro. Deste xeito, Tamba - Mecz (1970, p. 248), a cal consideramos que se acerca á explicación máis adecuada, opina que o determinante no segundo membro ten unha función anáforica: fixa-la extensión dun nome facéndoo co-extensivo co nome do membro anterior, o cal lle serve de soporte actualizador, tendo o determinante do primeiro membro unha función “référentielle actualisante”. Observa que en francés, de maior a menor frecuencia, preceden o primeiro membro “le”, “mon”, “ce”, “un”, “zéro”, mentres que a orde no segundo é a inversa.

No noso corpus, como vimos nos apartados 9.3. e 9.4., coincidimos con estes datos no primeiro determinante de ámbolos dous membros (artigo definido no primeiro e ausencia de determinante no segundo), pero despois a orde non se corresponde coa que ofrece Tamba - Mecz para o francés.

Nos exemplos recollidos por nós hai dez posibles combinacións entre os determinantes do primeiro e os do segundo. Por orde de frecuencia, son as seguintes: artigo definido / cero, cero / cero, cero / posesivo, cero / artigo definido, artigo indefinido / cero, artigo definido / artigo definido, posesivo / cero, cero / artigo indefinido, demostrativo / cero e, finalmente, cero / demostrativo.

Non temos ningún caso no que se dean as combinacións artigo definido / artigo indefinido, artigo indefinido / artigo definido e artigo indefinido / artigo indefinido. Da décima combinación -cero / demostrativo-, soamente encontramos un exemplo:

- Symeon, aquel sant' ome / a que foi offerer, / sempr' a Deus esto pidía (t. II, c. 416, p. 394, liñas 15-16).

A combinación máis habitual -artigo definido / cero- é aquela na que o primeiro membro presenta o maior grao de determinación e o segundo o menor. Teñamos tamén en conta que os numerosos exemplos de primeiro membro precedido de determinante cero teñen

case sempre como núcleo un nome propio, o cal presenta o grao máximo de determinación. Pola contra, cando o segundo membro presenta ausencia de determinante, o nome propio non é con frecuencia o núcleo. Comprobamos, pois, que na construción apositiva o primeiro membro adoita ser máis determinado que o segundo.

En canto á presenza / ausencia de determinante no segundo membro, comparemos, por exemplo, algúns membros apostos co núcleo *Madre* e referidos todos eles á Virxe:

- A) O que en coita de morte / mui grand' ou en prijon for, / cham' a Virgen groriosa. / Madre de nostro Sennor (t. I, c. 245, p. 750, refrán).
- B) Que fez a Sennor. / a Madre de Deus... (t. I, c. 131, p. 470, liñas 7-8).
- C) Aque ven Santa Maria. / a Madre de Jhesu-Cristo... (t. I, c. 158, p. 539, liña 16).
- D) Á poder Santa Maria. / Madre do que tod' enserra (t. I, c. 193, p. 620, refrán).

Vemos que canto máis determinado sexa o primeiro membro menos se necesita o determinante no segundo (exemplos *A* e *D*), mentres que nos casos nos que pode haber dúbida sobre quen falamos necesitamos un determinante no segundo para poder identificalo primeiro (exemplo *B*). O exemplo *C* é esporádico no corpus con determinación no segundo membro, pois coa secuencia *Santa Maria* é evidente a quen nos referimos.

Cos elementos que seguen ó núcleo sucede á inversa que cos elementos que o preceden. Así, a maioría das veces o primeiro membro non leva modificador posposto, aparecendo con frecuencia no segundo (a frase preposicional, fundamentalmente). En relación a isto, recordemos que na construción apositiva se ofrece máis información sobre o primeiro membro no segundo, a modo de explicación. Esta explicación pode desenvolverse de forma máis detallada por medio dos modificadores pospostos ó núcleo do segundo membro.

10. A CONSTRUCCIÓN APOSITIVA DESDE O PUNTO DE VISTA SEMÁNTICO

A confusión entre os planos referencial e semántico ó estudia-la construción apositiva non é precisamente esporádica. Deste xeito, os que avogan pola identidade referencial dos membros como característica soamente dalgunhas construcións apositivas consideran que a correferencia é un tipo de relación semántica. É, por exemplo, o caso de Meyer, que opina que “we need to expand the number of semantic relations that can hold between *U1* and *U2*” (Meyer, 1987, p. 103), sendo *U1* o primeiro membro e *U2* o segundo, e apuntando a que a correferencia, como tipo de relación semántica, non é suficiente para caracterizar tódalas construcións apositivas. Segundo Meyer, non hai correferencia cando entre os dous membros se dá unha relación atributiva, cando os dous son indefinidos ou cando o referente

do segundo está incluído no referente do primeiro. As outras relacións semánticas que establece son a atribución, a sinonimia e a hiponimia. Téñense mencionado, así mesmo, para as construcións apositivas consideradas non correferenciais, a exemplificación e a particularización.

Apuntouse algún outro tipo de relación semántica entre os membros da construción apositiva. Así, Tamba-Mecz (1970) fala de identidade, denominada tamén ecuación -por exemplo en Lyons (1980)-, e de inclusión. Outros -é o caso de Paula (1983)- engaden a estas dúas un tipo máis: a inherencia. A relación de inclusión é a que se establece entre os elementos e a clase á que pertencen e a inherencia é a que existe entre as partes e o todo no cal se inclúen. En canto á identidade, adoita entenderse como a relación que se dá entre membros das construcións apositivas nas que no segundo se denomina doutra maneira a cousa, ser, feito ou idea do que estamos a falar. A correferencia asociouse frecuentemente á identidade dos dous membros -véxase *adxectivo* no apdo. 9.2.-, producíndose unha vez máis a mestura entre os dous planos dos que falamos ó comezo do parágrafo anterior.

No noso corpus temos, a grandes trazos, tres tipos de relación semántica entre os membros da construción apositiva: a caracterización, a identidade e a clasificación ou inclusión. A primeira é a predominante e a última localízase esporadicamente.

A caracterización do primeiro membro non só a leva a cabo o adxectivo, senón tamén as frases preposicionais conformantes do segundo membro e a maioría de frases nominais que teñen como núcleo un nome común sen determinante -como é o caso de *Madre*, no seguinte exemplo:

- Foron logo dar loor / aa Virgen groriosa. / Madre de nostro Sennor (t. II, c. 252, p. 14, liñas 25-26).

Incluso é posible a caracterización cando o segundo membro leva un determinante. Encontramos un exemplo co artigo indefinido *un*:

- A eles muy correndo / sayu ben desse monte / Reimund^o. un cavaleiro / roubador e guerreiro. / que de quanto tragian / non lles leyxou... (t. I, c. 57, p. 263, liñas 37-42).

Neste caso, máis que interesa-la inclusión de *Reimundo* na clase dos cavaleiros, preténdese a caracterización deste personaxe coma *roubador e guerreiro*.

Se temos en conta que a maior parte das construcións apositivas das *Cantigas de Santa Maria* teñen como referente extralingüístico á Virxe, é lóxico que a caracterización sexa a relación semántica predominante nos exemplos do noso corpus. Recordemos que esta obra está concebida como un canto de admiración á Nai de Deus, e este obxectivo conséguese, en boa medida, mediante a caracterización da Virxe na construción apositiva desde diferentes puntos de vista (ser bondadosa, bela, etc.).

Normalmente asóciase a identidade na construción apositiva á combinación entre os membros de artigo definido - artigo definido, nome propio - artigo definido ou artigo definido- nome propio. Sen embargo, e sendo isto o máis frecuente, no corpus temos algún caso no que esta relación pode darse aparecendo como núcleo do segundo membro un substantivo común sen determinante:

- Ca a Virgen groriosa, / Reynna Santa Maria, / queria que... (t. II, c. 328, pp. 200-201, liñas 62-63).

Trátase de casos nos que o referente extralingüístico é único -a Virxe- e precisamente por iso parece posible prescindir dun determinante no segundo membro para identificalo. Por outra parte, e con relación ó exemplo, hai que dicir que a palabra *Rey* é frecuente nesta obra sen determinante cando vai seguida de nome propio, e non só en contextos apositivos. A explicación desta ausencia de determinante parece se-lo comportamento de rey -ou Reynna- de xeito parecido ó que o fan os termos de tratamento de cortesía (*Don*).

Así mesmo, noutros exemplos de identidade aparece habitualmente no primeiro membro un nome propio (*A*) ou un pronome (*B*) e no segundo un demostrativo, seguido dunha cláusula de relativo especificativa (*A*), ou un nome propio (*B*):

A) Que mostrou Santa Maria, / aquela que foi parir Deus e ome Jhesu-Cristo,... (t. II, c. 324, p. 190, liña 7).

B) Eu, Johan Damascão, que viv' aca', / vos envio sandar (t. II, c. 265, p. 47, liñas 87-88).

Tamén teríamos que considerar dentro da identidade os dous exemplos de adverbio como núcleo do segundo membro -véxase o apdo. 9.2.-.

A clasificación, asociada habitualmente á aparición do artigo indefinido *un*, preséntase no corpus -con pouca frecuencia- nun exemplo coma o seguinte:

- Que conteu en Portugal, / en Alanquer, un castelo,... (t. II, c. 316, p. 171, liñas 5-6).

Sen embargo, a presenza de *un* non implica sempre esta relación, como vimos máis arriba.

Observemos, finalmente, que no plano semántico, ó contrario do que ocorre no referencial, non hai unicidade no tipo de relación que se dá entre os membros da construción apositiva.

11. RELACIÓN SINTÁCTICA ENTRE OS MEMBROS DA CONSTRUCCIÓN APOSITIVA

Neste apartado temos que subliñar unha vez máis o desacordo existente entre os que se ocupan da construción apositiva. Vexámo-los diferentes posicionamentos:

A.- A opinión maioritaria é que se trata dunha relación a medio camiño entre a coordinación e a subordinación, porque comparte características coas dúas, independentemente de que se considere máis próxima a unha ou á outra. Nesta primeira liña podemos mencionar a Aymard (1975).

B.- Non se trata de subordinación, pero non se explicita, entón, o tipo de relación sintáctica e tampouco se menciona a ausencia da mesma. É este o caso de Martínez (1985).

C.- Dáse a relación de subordinación. Partidario desta opinión é, por exemplo, Gobbe (1978).

Segundo esta terceira liña, o membro aposto (o segundo) é o subordinado -ou o termo rexido-, mentres que o primeiro é o subordinante -ou o termo rector.

D.- A coordinación é a relación sintáctica existente entre os membros da construción apositiva. Deste modo, descártanse como construcións apositivas o tipo *el mes de Enero* ou *el rey soldado* (Fuentes Rodríguez, 1989, p. 215), pois a subordinación é evidente.

E.- Trátase da relación de interordinación, na opinión de Lago Garabatos (1991 e 1993). É unha contribución novedosa porque, segundo el, a relación sintáctica que existe na construción apositiva establécese entre dúas constantes -interordinación, polo tanto- pero, e aquí reside a súa innovación, a primeira delas é un núcleo e a segunda un modificador. Isto parece contradictorio, dado que entre núcleo e modificador hai unha relación de subordinación -entre constante e variable, respectivamente-, podendo o núcleo desempeñar-la mesma función que o todo, constituído por el e o modificador.

F.- Entre os membros da construción apositiva hai ausencia de relación sintáctica. É a opinión que encontramos en Longrée (1990), que se basea para tal afirmación en que na construción *Dionysius, seruus meus, aufugit* o membro aposto (o segundo) conmuta co inciso *is est seruus meus* (Longrée, 1990, p. 12), que, como tal inciso que é, non ten relación sintáctica co resto da cláusula. Segundo el, os lazos existentes entre os dous membros da construción apositiva serían simplemente semánticos.

Antes de examina-lo noso corpus, para poder emitir despois unha opinión acerca da relación sintáctica entre os membros da construción apositiva, imos ver como se caracterizan os tres posibles tipos de relación sintáctica entre partes (coordinación, subordinación e interordinación). Estes tres tipos son definidos por Rojo da seguinte maneira:

“Hay coordinación cuando los miembros de una construcción pueden concurrir en la misma cadena, pero cabe también la aparición aislada de cualquiera de ellos (esto es, no hay condicionamiento mutuo)” (Rojo, 1983, p. 51).

“Existe subordinación en aquellas construcciones en las que uno de los elementos puede aparecer sin el otro, pero el segundo no puede hacerlo sin el primero” (Rojo, 1983, p. 52).

“Hay interordinación cuando ambos elementos se exigen mutuamente, es decir, en aquellos casos en los que ninguno de ellos puede aisladamente conservar la estructura lograda mediante la unión de ambos” (Rojo, 1983, p. 52).

Engadamos a estas definicións algunhas características da coordinación mencionadas por Jiménez Juliá (1987):

- A.- O número de membros coordinados pode ser dous ou superior.
- B.- Os membros van ligados por un nexa.
- C.- Os membros son equifuncionais.
- D.- Os membros están a igual nivel de estrutura xerárquica.
- E.- Os membros forman un sintagma unitario.

Excepto o punto *B* -e incluso o *A*-, o resto dedúcese xa da definición de Rojo.

Martínez (1985) e Paula (1983) mencionan, ademais, como características da coordinación outras dúas:

F.- O verbo da cláusula principal vai en plural -cando os membros coordinados funcionan, loxicamente, como suxeito.

G.- Os membros coordinados teñen distinto referente.

Con respecto a estes dous últimos puntos, parece que non se poden facer tales afirmacións, dado que non son precisamente infrecuentes exemplos do tipo *o actor e director de cine ofrecéuno-las súas declaracións sobre o ocorrido* (exemplo propio).

Para a subordinación, teñamos tamén en conta outras características enumeradas polos que consideran que na construción apositiva se dá tal relación:

- A.- Supresión do elemento subordinado sen cambio de contido na cláusula principal.
- B.- Imposibilidade de coordinación dos elementos subordinante e subordinado con *e*.
- C.- As concordancias co verbo establécenas o primeiro elemento ou subordinante.

En canto ás características da subordinación, se ben é certo que sen o elemento subordinado o elemento nuclear pode aparecer e desempeñar el só a mesma función có conxunto, non é verdade que a supresión do subordinado non leve cambio de contido na cláusula principal (*A*), porque coa súa eliminación sempre se perde algún tipo de información.

Por outra parte, se ben na construción apositiva é imposible a coordinación dos membros coa conxunción copulativa *et* (*B*), se, pola contra, falamos de *ou*, xa teriamos serias dúbidas de que exista subordinación entre os membros da construción apositiva.

Con respecto ó punto *C*, este trazo parece só pertinente no caso de que o grupo subordinante-subordinado funcione como SUXEITO.

Pasando xa ó estudio do corpus, e aplicándolle o punto *C* da subordinación, vemos que en tódolos exemplos que desempeñan a función de SUXEITO tanto o primeiro como o segundo membro da construción apositiva están no mesmo número e implican a mesma persoa no verbo da cláusula principal, polo que concordan ambos en número e persoa con este, sen que poidamos deducir cal é o que establece as concordancias. Soamente nun deles, no que os membros implican diferente persoa, é o primeiro o que concorda co verbo da cláusula principal -e tamén co da cláusula de relativo:

- Eu, Johan Damascão, que viv' acá, / vos envio sandar (t. II, c. 265, p. 47, liñas 87-88).

Se intercambiámo-los membros variaríase tamén a persoa do verbo, establecendo agora as concordancias con este de novo o primeiro membro.

É lóxico que sexa o primeiro membro que se enuncia o que estableza as concordancias co verbo, pero isto non nos parece que sexa indicio de subordinación do segundo ó primeiro.

Os que defenden a subordinación entre os membros da construción apositiva afirman que o primeiro membro é o subordinante e o segundo o subordinado, porque este non pode aparecer sen aquel e si á inversa. As construcións apositivas do noso corpus non obedecen ó dito, posto que, aínda que o primeiro membro sempre pode aparecer só, nun gran número de exemplos é tamén posible que o segundo o faga, polo cal xa sería imposible falar de subordinación, cando menos para estes últimos exemplos. Isto vese claramente cando o segundo membro é un nome propio, unha cláusula de relativo precedida do artigo definido, unha frase preposicional precedida do artigo definido, un adxectivo precedido de artigo definido ou un substantivo común precedido dun artigo, posesivo, demostrativo ou indefinido.

A continuación imos aplicarlles ós nosos exemplos as probas de intercambiabilidade dos membros -resultando outra construción apositiva- e de supresión alternativa dun e do doutro -para ver se cada un pode desempeñar igual función que a construción-. Se resultan positivas, teremos que deducir que os membros da construción apositiva son equifuncionais, como é característico dos membros coordinados. Agora ben, despois de facer este intercambio a construción apositiva non é a mesma que tiñamos nun principio, pois o membro apostado da construción resultante é o que era primeiro membro na anterior e o primeiro membro da última construción é o membro apostado na orixinaria. Vexamos un exemplo no que é ben evidente que se trata de dúas construcións apositivas diferentes:

A) Que' alma d' Ebron levamos, / un alguazil, sen baralla (t. II, c. 254, p. 20, liña 26).

B) Que' alma d' un alguazil levamos, Ebron, sen baralla.

No exemplo A o segundo membro clasifica o primeiro, mentres que despois de intercambialos estamos identificando co segundo o primeiro.

Hai algún exemplo no que os membros son intercambiáveis, pero o resultado non é outra construción apositiva. O segundo membro pode aparecer só, pero desempeñando non a mesma función que a construción apositiva, senón a mesma que ten tralo intercambio dos membros:

- E se non foss' a Virgen / Reynna esperital, / a ssa alma levava / o dem' a perdiçon (t. II, c. 284, p. 91, liña 12).

Tralo intercambio, o segundo membro pasa de SUXEITO a ATRIBUTO e o primeiro convértese nunha explicación externa á cláusula que pode conmutarse por *referímonos á Virgen, non a outra*. Observemos tamén que antes do intercambio, incluso podería cabe-la interpretación do segundo membro como ATRIBUTO DO SUXEITO a *Virgen* -dado que a pausa entre os membros non está indicada na escrita- e, polo tanto, como non conformante dunha construción apositiva.

Non é infrecuente, no caso dos estudiosos que non defenden a subordinación na construción apositiva, menciona-la intercambiabilidade dos membros como unha das características da estrutura que estudiamos e deducir dela, incluso, a correferencia nesta construción. É evidente que cando o substantivo núcleo do segundo membro leva un determinante o membro aposto pode aparecer só ou intercambiarse co primeiro -resultando, neste último caso, outra construción apositiva-. Pola contra, cando o presunto membro aposto é un substantivo común sen determinante -só ou acompañado de modificadores- considérase con frecuencia que, ó non poder aparecer só nin intercambiarse co primeiro, non forma parte da construción que nos ocupa. Así, témo-lo exemplo tipo *Santiago, capital de Galicia, é...* que varios autores exclúen da aposición pola razón que acabamos de dicir.

Sen embargo, en moitos dos exemplos do corpus que presentan como núcleo do segundo membro un substantivo común sen determinante é posible a aparición do segundo membro sen o primeiro, incluso cando a construción apositiva desempeña, igual que no exemplo do parágrafo anterior, a función de SUXEITO (D):

- A) Que fez Santa Maria... / cabo Madrid' en Tocha, / logar religioso... (t. II, c. 315, p. 169, liñas 6-7).
- B) Por que emprennar / s' ouve dun de Bolonna, ome que de recadar / avia e de guardar / seu feit' e sa besonna (t. I, c. 7, p. 124, liñas 16-20).
- C) E ar catou mandadeiras / que ll' enviou, alcayotas / vellas e mui sabedeiras de fazer moller manceba / sayr taste de cordura (t. II, c. 312, p. 161, liñas 51-53).
- D) E que os Apostolos, amigos seus, / compraran (t. I, c. 27, p. 180, liñas 12-13).

Recordemos que xa no propio corpus encontramos algún exemplo que ten como primeiro membro un substantivo común sen determinante, o que implica que pode aparecer só como primeiro membro:

- Ao lavrador nacera / muleta, com' aprix eu, / en ssa casa, fremosya... (t. I, c. 178, p. 581, liñas 11-12).

No caso das construcións apositivas referidas á Virxe, é posible nalgún exemplo a aparición do membro aposto só:

- E pois viron a mercee que me fez / esta Virgen Santa, Sennor de gran prez... (t. I, c. 209, p. 661, liñas 42-43).

Estes son exemplos nos que o segundo membro, fóra da construción apositiva, non se asocia á Virxe -e, polo tanto, cando aparece só tampouco-, debendo ir escrito coa primeira letra en minúscula.

Noutros exemplos tamén aplicados á Virxe non é posible a aparición do segundo membro só, xa que este, fóra da construción que estudiamos, apunta a un ser único (a Nai de Deus) que, como tal, non admite a indeterminación:

- Todos quantos est' oyron / deron graças e loor / aa Virgen groriosa. / Madre de nostro Sennor:... (t. I, c. 53, p. 253, liñas 70-71).

Nestes exemplos de segundo membro sen determinante que pode desempeñar só a función da construción apositiva, poderíamos admitir tamén o intercambio dos membros, aínda que o máis lóxico é que cando o segundo aparece só non se dea ningunha explicación máis sobre el -poñendo o primeiro detrás-, xa que precisamente pretendémo-la máxima indeterminación presentándoo con determinante cero. No caso de que se intercambiaran, habería que pensar, entón, que se trata dun retraso intencionado da precisión informativa.

Recordemos, finalmente, que nas construcións apositivas que constitúen un vocativo -véxase o apdo. 8.- é posible en tódolos casos que o segundo membro, cando ten como núcleo un substantivo común sen determinante, apareza sen o primeiro -o intercambio de membros non sempre-, desempeñando a mesma función que o todo, posto que nos vocativos o nome común xa presenta ausencia de determinante.

Polo que se refire a aqueles exemplos nos que o substantivo común do membro apostado vai precedido dun adxectivo cualificativo, tampouco é posible a aparición do segundo membro só -nin o intercambio de membros-, que sería admisible de ir ese adxectivo detrás do substantivo:

- E un capelan das donas. / bñõ om' e enssinado. / estava... (t. I, c. 222, p. 691, liñas 22-23).

Ó considera-los exemplos que teñen como núcleo do membro apostado un adxectivo, non parece válida -polo menos para todos- a afirmación, feita polos que lle negaban a este a posibilidade de erixirse en membro apostado -entre eles, Lago Garabatos (1991)-, de que entre os dous membros existe subordinación. Así, nun exemplo de vocativo coma o seguinte, considerando que o primeiro membro da construción apositiva superior é *Virgen... esposa*, o segundo membro (*santa, nobre, preciosa*) podería funcionar de igual maneira que a construción apositiva enteira:

- Virgen Madre groriosa. / de Deus filla e esposa. / santa. nobre. preciosa. quen te loar saberia / ou podia? (t. II, c. 340, p. 230, liñas 2-6).

Vexamos qué ocorre cos dous exemplos de adverbio como núcleo do membro aposto:

- A) E foi ao mōesteiro / ali onde sse partira... (t.I, c.55, p.258, liña 25).
- B) Para mentes / en quant' agora aqui viste / outrosi [e] ena choça. / ali u migo seviste:... (t. I, c. 75, p. 323, liñas 168-169).

Opinamos que non se pode admiti-la aparición do segundo membro só nin a intercambiabilidade dos membros -resultando outra construción apositiva-, porque a preposición que precede á construción (*a* e *en*, respectivamente) non podería manterse diante do adverbio.

Hai que indicar, así mesmo, que nalgún exemplo o intercambio dos membros conleva unha modificación na forma do primeiro orixinal:

- Tu amas a Jhesu-Cristo / muito e a mi. sa Madre:... (t. II, c. 309, p. 152, liña 33).

Neste caso, tralo intercambio dos membros a forma tónica correspondente á primeira persoa do singular do pronome persoal, ó non ir precedida directamente pola preposición, ten que ser *eu*, e non *mi*:

- Tu amas a Jhesu-Cristo / muito e a sa Madre. eu.

Observemos, por último, como o contexto tamén inflúe na intercambiabilidade dos membros. Deste modo, no contexto interrogativo, os membros non son intercambiáveis no seguinte exemplo, mentres que nun contexto declarativo sería perfectamente posible ese intercambio:

- Que fez Santa Maria. / a Sennor de gran vertude / que dá aos mortos vida / e a enfermos saude? (t. I, c. 43, p. 227, liñas 77-78).

Concluindo, nas *Cantigas de Santa Maria* hai unha característica que tódolos exemplos de construción apositiva comparten coa coordinación: os membros forman un sintagma unitario. Noutros trazos, sen embargo, a construción apositiva diferénciase desta: ausencia de nexos coordinativos ou imposibilidade de introducilo -polo menos no relativo á conxunción copulativa *e*-, membros co mesmo referente en tódalas construcións apositivas, existencia de dous membros soamente e, finalmente, verbo en singular sempre, a diferenza da coordinación -nesta pode ir en plural tamén-, cando a construción apositiva funciona como suxeito e ten como primeiro membro un elemento en singular. Con respecto á equifuncionalidade dos membros, non se pode dicir que sexa unha característica da construción

apositiva, como ocorre cos membros coordinados, posto que uns exemplos responderon negativamente e outros de forma positiva ás probas de intercambiabilidade dos membros -resultando outra construción apositiva- e de supresión alternativa dun e do outro, para ver se calquera deles podía desempeña-la mesma función que a construción apositiva. Houbo, así mesmo, exemplos que responderon positivamente a unha, pero non á outra. Se temos en conta o anterior, non se pode falar de coordinación entre os membros da construción apositiva, porque nesta non se dan tódalas características daquela, porque non tódolos exemplos de construción apositiva comparten o trazo da equifuncionalidade, propio da coordinación, e porque tamén na construción apositiva encontramos trazos dos outros dous tipos de relación sintáctica entre partes (subordinación e interordinación).

Tampouco podemos dicir que a relación sintáctica que se establece entre os membros da construción apositiva é a subordinación, porque, se ben nalgúns exemplos o segundo membro non pode aparecer sen o primeiro e si á inversa, na maioría deles calquera dos dous membros pode aparecer só en lugar da construción que o acolle. Por outra parte, cabería en moitos exemplos a coordinación dos dous membros mediante *ou*, imposible se existira subordinación entre eles.

Non pensemos, entón, que hai que falar de interordinación, xa que polo menos un dos membros (o primeiro) é capaz en tódolos exemplos de aparecer só en lugar da construción apositiva da que forma parte, o que non ocorre, por exemplo, co DIRECTOR ou o TERMO da frase preposicional. Sen embargo, si é certo, como na interordinación, que ámbolos dous elementos son necesarios para que exista esa estrutura.

A ausencia de relación sintáctica non parece tampouco a solución, dado que na construción apositiva encóntranse trazos dos tres tipos de relación sintáctica. Desde logo, non podemos intentar demostrar esta ausencia utilizando probas como a que menciona Longrée (1990, p. 12) no punto *F* do comezo deste apartado. Se recordamos, el baseábase na conmutación do membro apostado por un inciso. Sen embargo, esa conmutación non é válida, porque a estrutura primitiva non se respecta. Así, mentres a construción apositiva funciona unitariamente, o inciso constitúe unha explicación fóra da cláusula.

Por outra parte, non caíamos no erro de pensar que a relación sintáctica que se establece entre os membros da construción apositiva é a xustaposición, pois non se trata dun tipo de relación sintáctica senón que, como opina Rojo (1983), é simplemente unha forma ambigua de representa-la relación existente entre segmentos lingüísticos.

O que si podemos dicir é que entre os membros da construción apositiva non se dá de forma pura ningún dos tres tipos de relación sintáctica mencionados (coordinación, subordinación, interordinación) senón que, como opina a maioría dos autores, a relación sintáctica entre os membros da construción que nos ocupa está a medio camiño entre a coordinación e a subordinación -habería que mencionar incluso a interordinación- ou, mellor dito, algúns exemplos parecen estar máis próximos á primeira e outros á segunda. O certo é que, ademais de compartir trazos cos tres tipos de relación sintáctica dos que falamos, a construción apositiva posúe algo realmente orixinal: o feito de que sexa a propia construción a que faga correferentes os membros que a conforman.

Corpus utilizado

Alfonso X o Sabio, *Cantigas de Santa Maria*, editadas por Walter Mettmann, tomos I / II, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1981.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alarcos, E., "Los pronombres personales", *Estudios de Gramática funcional del español*, Madrid, Gredos, 1970, pp. 143-155.
- Alcina, J. - Blecua, J.M., *Gramática española*, Barcelona, Ariel, 1975.
- Alonso, M., *Enciclopedia del idioma*, I, Madrid, Aguilar, 1958.
- Arrivé, M., "À propos de la construction La Ville de Paris: rapports sémantiques et rapports syntaxiques", *Le français moderne* 3, 1964, pp. 179-184.
- Aymard, C., "L' apposition", *II Colloque de Linguistique fonctionnelle*, Clermont-Ferrand, C.R.D.P., 1975, pp. 133-143.
- Bello, A., *Gramática de la lengua castellana*, (1ª ed. Santiago de Chile, 1847, nova edición con anotacións de Cuervo, R. J., Bogotá, 1847), ed., pról. e notas de Alcalá-Zamora y Torres N., Buenos Aires, Sopena, 1970.
- Bogacki, K., *Types de constructions appositives en français*, Wrocław-Warszawa..., Polska Akademia Nauk, 1973.
- Boudreau, J., "La définition des fonctions apposition et épithète en grammaire traditionnelle", *Langues et Linguistique* 7, 1981, pp. 155-181.
- Bureau, C., *Syntaxe Fonctionnelle du français*, Québec, Les presses de l' université de Laval, 1978.
- Burton-Roberts, N., "Nominal apposition", *Foundations of Language* 13, 1975, pp. 391-419.
- Carniar, R., "Plurales dudosos", *Yelmo* 25, 1975, pp. 37-38.
- Declerk, R., *Studies on Copular Sentences, Clefts and Pseudo-clefts*, Leuven University Press / Foris, 1988.
- Dessaintes, M., *Recherche linguistique et enseignement*, Gembloux Duculot, 1971.
- Dubois J. et alii, *Diccionario de lingüística* (traducción española de Ortega, I. e Domínguez, A.), Madrid, Alianza, 1979.
- Escandell, M.V. - Leonetti, M., "Notas sobre la aposición nominal", *Revista de Filología Española* 69, 1989, pp. 163-172.

- Forsgren, M., "Apposition adnominale: déterminants et ordre des constituants", *Travaux de linguistique* 17, 1988, pp. 137-157.
- Fuentes Rodríguez, C., "De nuevo sobre la aposición", *Verba* 16, 1989, pp. 215-236.
- Fugier, H., "L' apposition en latin. Pour une étude des relations à l' intérieur du syntagme nominal", *La linguistique* 9 / 1, 1973, pp. 97-113.
- Galichet, G., "L' adjectif peut-il exercer la fonction apposition?", *Le français moderne* 25, 1957, pp. 181-185.
- Gobbe, R., *Pour appliquer la grammaire nouvelle*, Gembloux, Duculot, 1978.
- Grevisse, M., *Le bon usage, Grammaire française*, Gembloux, Duculot, 1964.
- Gutiérrez Ordóñez, S., *Variaciones sobre la atribución*, Universidad de León, Centro de estudios metodológicos e interdisciplinares.
- Hadlich, R.L., *Gramática transformativa del español*, Madrid, Gredos, 1973.
- Haugen, E., "On resolving the close apposition", *American Speech* 28, 1953, pp. 165-170.
- Jiménez Cano, J.M., "Aspectos pragmático-textuales de las construcciones apositivas en español", *Anales de Filología Hispánica* 4, 1988-89, pp. 97-111.
- Jiménez Juliá, T., "La construcción coordinativa en español", *Verba* 14, 1987, pp. 271-345.
- _____ "Sobre neutralización y funciones sintácticas", *Verba* 18, 1991, pp. 129-164.
- Kleiber, G., *Relatives restrictives et relatives appositives: une opposition "introuvable"?*, Tübingen, Niemeyer, 1987.
- Lago Garabatos, J., "Un type spécial de modification non restrictive: L' apposition", *Verba* 18, 1991, pp. 487-520.
- _____ "Construction endocentrique, construction exocentrique, construction appositive", *Revue de Linguistique Romane*, Juillet-Décembre 1993, pp. 421-432.
- Lázaro, F., *Diccionario de términos filológicos*, Madrid, Gredos, 1971.
- Lombard, A., "L' apposition dans le français d' aujourd' hui", *Mélanges Michaëlsson*, Göteborg, 1952, pp. 322-350.
- Longrée, D., "Les compléments de nom en latin classique: syntaxe, sémantique et pragmatique", *Cahiers de l' Institut de Linguistique de Louvain* 13 / 1-2, 1987, pp. 163-230.
- _____ "A propos du concept d' 'Apposition': Les constructions Rex Ancus et Urbs Roma", *L' information grammaticale* 45, 1990, pp. 8-13.
- Lyons, J., *Semántica* (versión española de Cerdà, R.), Barcelona, Teide, 1980.

- Marcos Marín, F., *Aproximación a la gramática española*, Madrid, Cincel, 1972.
- Martínez, J. A., "Las construcciones apositivas en español", *Philologica Hispaniensia In honorem M. Alvar II: Lingüística*, Madrid, Gredos, 1985, pp. 453-467.
- Meyer, C., "Apposition in English", *Journal of English Linguistics* 20, 1987, pp. 101-121.
- Milner, J. C., "Raisonnements linguistiques: quelques remarques", en J.C. Chevalier - M. Gross, *Méthodes en grammaire française*, Paris, Klincksieck, 1976, pp. 153-164.
- _____, *De la syntaxe à l'interprétation. Quantités, insultes, exclamation*, Paris, Seuil, 1978.
- _____, *Ordres et raisons de langue*, Paris, Seuil, 1982.
- Mitterand, H., "Retour sur l' épithète et l' apposition en français", *Mélanges Marcel Cohen*, Paris, The Hague, Mouton, 1970, pp. 181-184.
- Moreno Cabrera, J.C., "Atribución, ecuación y especificación: tres aspectos de la semántica de la cópula en español", *Revista Española de Lingüística* 12, 1982, pp. 229-245.
- Moreno López, J., "La proposición 'de' y aposición", *Yelmo* 32, 1977, pp. 34-36.
- Murat, M., "C' est-à-dire ou la reprise interprétative", *Langue Française* 73, 1987, pp. 5-15.
- Olesen, O., "Répétition de la préposition devant les appositions en français moderne", *Études Romanes dédiées à A. Blinkenberg*, Copenhague, Munksgaard, 1963, pp. 127-143.
- Paula, M. N. de, *Contribución al estudio de la aposición en el español actual*, Anexo 20 de *Verba*, Universidade de Santiago de Compostela, 1983.
- Picabia, L., "Article zéro et structures apposées", *Langages* 102, 1991, pp. 88-102.
- Real Academia Española, *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Madrid, Espasa-Calpe, 1986.
- Riegel, M., *L' adjectif attribut*, Paris, Presses Universitaires de France, 1985.
- Rioul, R., "Les appositions dans la grammaire française", *L' information grammaticale* 18, 1983, pp. 21-29.
- Rodís Martínez, M. X., *A aposición en galego*, Universidade de Santiago de Compostela, 1992.
- Rojo, G., *Aspectos básicos de sintaxis funcional*, Málaga, Ágora, 1983.
- Rojo, G. - Jiménez Juliá, T., *Fundamentos del análisis sintáctico funcional*, Universidade de Santiago de Compostela, 1989.
- Ruwet, N., *Grammaire des insultes et autres études*, Paris, Seuil, 1982.

- Sobejano, G., *El epíteto en la lírica española*, Madrid, Gredos, 1970.
- Taboada, M., "Relaciones sintácticas en el interior de la frase nominal: la aposición", *Verba* 5, 1978, pp. 315-341.
- Tamba-Mecz, I., "Système de l'identification métaphorique dans la construction appositive", *Le français moderne* 43 / 3, 1970, pp. 234-255.
- Tamine, J., "Une discussion de méthode à propos de l'apposition", en Chevalier, J.C. - Gross, M., *Méthodes en grammaire française*, Paris, Klincksieck, 1976, pp. 133-151.
- _____ "Introduction à la syntaxe. Les fonctions nominales: Les compléments circonstanciels. L'apposition", *L'information grammaticale* 22, 1984, pp. 39-42.
- Wilmet, M., *La détermination nominale. Quantification et caractérisation*, Paris, Presses Universitaires de France, 1986a.
- _____ "Apposition, épithète détachée et attribut", *Enjeux* 10, 1986b, pp. 65-69.